

Arredor de Filomena Dato Muruais (1856-1926)

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

Achegamento á vida e obra da poeta ourensá Filomena Dato Muruais (1856-1926), residente moitos anos nas Mariñas de Betanzos, na parroquia bergonesa de Moruxo, onde faleceu. Escritora bilingüe en español e galego, galardonada en múltiples certames e sinalada feminista do seu tempo, foi a primeira muller en publicar un libro en lingua galega logo de Rosalía Castro: *Follatos*, 1891.

Abstract

Approach to the life and work of the poet from Ourense Filomena Dato Muruais (1856-1926), residing many years in the Mariñas de Betanzos, in the parish of Bergondo (Moruxo), where she died. Bilingual writer in Spanish and Galician, awarded in multiple contests and a sinalated feminist of her time, was the first woman to publish a book in Galician language after Rosalía de Castro: *Follatos*, 1891.


OURENSE NOS INICIOS

Nada en Ourense o 26 de xullo de 1856, Filomena Dato Muruais foi a maior de cinco irmáns, fillos do militar José Dato Granados (que morrería sendo comandante) e de Juana Muruais Pérez, que morreu en Ourense en xaneiro de 1905, moitos anos despois do seu home. Os seus irmáns varóns José e Juan tamén serían militares. O primeiro chegaría a ser coronel e desempeñaría diversos cargos, morreu en 1928 en Ourense, dous anos despois que Filomena, logo de ter sido tenente coronel en Santiago do Rexemento de Zaragoza. O segundo sería brevemente médico militar. Había outras dúas mulleres: Maravillas e Aurelia. Esta casou con Julio César Patiño Pita da Veiga, do pazo de Moruxo en Bergondo, onde Filomena viviu varios anos e morreu en 1926. Aurelia foi a única dos irmáns que tivo descendencia.

O matrimonio Dato Muruais aparece en 1865, xunto cos seus catro fillos aínda nenos (Filomena tiña nove anos e Juan non nacera aínda), nunha ampla subscrición a favor do Papa en *El Pensamiento Español* (Madrid, 8-9-1865), órgano do catolicismo ultradereitista e absolutista, aportando 4 reais cada membro do matrimonio e 2 reais cada neno, dato indicativo da ideoloxía e do ambiente familiar no que se criou Filomena e os seus irmáns.

Se ben por costela paterna as súas orixes procedían da localidade murciana de Mazarrón, por parte da nai estaban en Ferrol e tamén en relación con Pontevedra, onde un irmán da nai estaba asentado. Os célebres (no seu tempo) literatos Andrés e Jesús Muruais eran curmáns dos Dato. O nacemento e veciñanza ourensá da familia debíase ao destino profesional do pai.

* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino* dende 1983.



Morreron novos os Muruais, Andrés aos 31 anos e Jesús aos 51, sobre todo o primeiro, como novo morrera seu pai que os deixou orfos moi pequenos. A irreverencia dos irmáns Muruais contrastaba coa ortodoxia e relacións sociais de Filomena. Andrés (1851-1882) estudou e exerceu a Medicina. Durante unha estadía en Madrid formou parte de Galicia Literaria, xunto con Curros, Añón, Vesteiro Torres e outros, grupo que abandonaría por discrepancias. Escribiu un par de obras teatrais que foron representadas e poemas en galego e en español. Un himno «A Galicia» foi premiado en Pontevedra nos Xogos Florais de 1880. Á súa prematura morte un grupo de amigos dedicoulle e publicou en Pontevedra unha «Corona fúnebre», recollendo un monllo de poemas en galego e en español, no que non falta o da súa curmá Filomena, titulado «¡Llora!». Jesús (1852-1903) foi

catedrático de Latín nos institutos de Ourense e Pontevedra e acumulou unha das mellores bibliotecas privadas de Galicia, expurgada á súa morte e adquirida logo pola biblioteca pública de Pontevedra, onde non faltaban as novidades francesas e mesmo coleccións de tipo erótico. Entre os que a ela acudiron na célebre casa do Arco, domicilio pontevedrés dos Muruais, destaca un mozo Valle-Inclán, que lle dedicaría a Jesús o seu primeiro libro de relatos, *Femininas*, en 1895.

Todas as persoas que falaram sobre Filomena Dato e a súa obra coinciden en afirmar que se sabe pouco da súa vida, pese ao protagonismo que tivo na vida cultural e mesmo social do seu tempo durante algunhas décadas. Hoxe aportamos algúns datos novidosos sobre a súa vida, que nos últimos anos foi máis ben retirada e lonxe da prensa, a aumentar (e mesmo enmendar algún) os facilitados por J. F. Román Alonso no seu libro *Filomena Dato Muruais. A poeta galega de entreséculos* (Ourense, 2009).

Filomena participou dende moi nova no rico movemento literario ourensán de finais do século XIX que lideraba o poeta e xornalista cego Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906), director de *El Heraldo Gallego* e *O Tío Marcos da Portela*, pioneiro do xornalismo en lingua galega. Lamas e Filomena eran veciños da mesma rúa de San Cosme, trocada logo en Hernán Cortés nun rauto de españolismo patriótico que lle deu ao concello ourensán a finais do século XIX ao trocar varias rúas de nomes tradicionais polos de persoeiros españois.



Os irmáns Jesús e Andrés Muruais, curmáns de Filomena.

O Ourense de fins do século XIX contaba cunha pléiade de escritores: Lamas Carvajal, Alberto García Ferreiro, Heraclio Pérez Placer, Álvarez de Novoa, todos eles cultivadores do galego e os dous últimos mesmo en prosa. Xa noutro plano, Xosé Ojea, Camilo Placer, Modesto Fernández e González, Arturo Vázquez Núñez, Antonio Rey Soto, Benito Fernández Alonso, Neira Cancela, Cid Hermida, Marcelo Macías, etc.

Filomena colabora, xunto con Curros e tamén os curmáns Muruais, en *El Heraldillo Gallego* (1874-1880) que dirixía Lamas Carvajal. Os Muruais e Filomena colaboran tamén n'*O Tío Marcos da Portela* (1876-1889) que asemade fundara e dirixira o propio Lamas. Colabora tamén noutra revista ourensá, *Galicia Literaria* (1883-1884) que fundara e dirixira o poeta e tenente coronel de infantaría Juan Neira Cancela, «bizarro escritor e inspirado militar», como dixo alguén con irónica maldade. Tamén colaborou nos semanarios *As Burgas* (1894-1895) e *Galicia ilustrada* (1911).

Revista Gallega
 SEMANARIO DE LITERATURA E INTERESES REGIONALES

Año 12 - Número 10 En este número se publica el artículo de don Juan de Soto sobre el idioma gallego, y el estudio de don Juan de Soto sobre el idioma gallego, y el estudio de don Juan de Soto sobre el idioma gallego.	DIRECTOR GENERAL DON JUAN SALDAN DE RIVERA Calle de San Sebastián de 110	PRECIOS DE SUSCRIPCION La Revista, en un año . . . 100 rs. Por 6 meses . . . 50 rs. Por 3 meses . . . 25 rs. Por 1 mes . . . 10 rs.
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

FILOMENA DATO MURUAI
 Preguntas ha sido siempre Galicia en su mejor momento, y afortunado con los nombres de Muruais, que fueron suculentos lazos en el siglo XIX, que hizo posible el desarrollo de nuestro Muruais en el siglo XIX, que hizo posible el desarrollo de nuestro Muruais en el siglo XIX, que hizo posible el desarrollo de nuestro Muruais en el siglo XIX.

Muruais de Lugo, que en su vida escribió, *El Amor de Muruais*, y otros versos que ocasionaron la vida y los otros gallegos. Con el nombre de esta última, muruais en la primera, lista de nuestra literatura.

En 1880 dio a la publicación un libro de poemas *Desempeños* sencillos, humoradamente por la crítica, y en 1881 su otro libro *Gallegos*, de poemas gallegos, en el que figuraban algunas preteritas en varios *Asper* florentes, en las cuales preteritas de esta región, y otro que obtuvo la fama de ser la joya poética de Galicia, muestra su sencillez y que, vertida al gallego por su autor, reproduciendo su otro lugar de esta región, como documentación de su familia orensá.

Filomena Dato nació en Orense, y entre sus múltiples labores casala si de haber sido sus hermanos en el *Correio* *Heraldillo Gallego* en 1880 en Lugo y presidenta del *Realizo* *Gallego* en 1881, en su época no se habían publicado los cuerpos ligeros de todo los.

Quedaron en su memoria, por de cualquier a las ilusiones personales de Galicia, coexisten con la utilización de hacer poesía a la luz de la poesía que se originó en nuestra literatura regional, en la que se puede encontrar poesía y los primeros versos entre los que destaca nuestra literatura gallega.

La Redacción.



O seu primeiro poema que atopamos publicado na prensa é «A Galicia», en *El Heraldo Gallego* do 29 de marzo de 1876. O poema está datado en Madrid no mes de marzo de 1875, cando Filomena tiña dezaoto anos. *El Heraldo Gallego* sería por tanto a primeira publicación das moitas nas que vai colaborar. Nel publica tamén textos en prosa en español: «Impresiones de un viaje: los codos de Laroco», «La ciega»...

Axiña acadou sona como poeta concorrendo e gañando numerosos premios literarios, mesmo fora de Galicia. Entre outros, cabe destacar os premios acadados no certame de Ourense dedicado ao Padre Feijoo en 1887 e nos históricos Xogos Florais de Tui de 1891.

No seu tempo foi unha das poucas mulleres membros da Real Academia Galega, aínda que unicamente como correspondente, xa que non de número, por máis que no xornal *El Noroeste* (24-I-

1908) aparecía como asistente a unha sesión como «socio de número».

Nun momento da súa vida, xa con corenta e dous anos, a poeta propúxose dedicarse ao ensino. No lucense *El Eco de Galicia* do 30 de maio de 1898 aparecía este solto: «La inspirada poetisa orensana, D^a Filomena Dato Muruais ha solicitado examinarse de las asignaturas necesarias para adquirir el título de profesora superior de instrucción primaria.»

E os resultados foron óptimos, segundo noticiaba pouco despois *El Diario de Pontevedra* (17-VI-1898): «En la Normal de Maestras de Orense se ha revalidado, con la calificación de Sobresaliente, la inspirada poetisa Filomena Dato Muruais.» A pesar desas noticias non temos datos que confirmen a súa dedicación posterior ao ensino, aínda que si que colaborou nalgúns actos na Escola Normal central de Mestras e mesmo deu unha conferencia en 1913 (*El Noroeste*, 26-IV-1913) sobre «Maternidad espiritual de la maestra», dentro dun ciclo de extensión universitaria organizado pola Escola Normal da Coruña. Hoxe unha escola próxima a Ourense leva o seu nome: o CEIP Filomena Dato de A Valenzá (Barbadás). E tamén unha rúa no barrio da Carballeira. O Concello de Narón tamén lle dedicou unha rúa.

O IRMÁN JOSÉ

José Dato Muruais naceu en 1857, un despois de Filomena. Compartiu co seu pai o nome e a carreira militar, que acadou en 1917 o grao de Coronel de Infantería. Cando a

guerra e desastre colonial formou parte do batallón expedicionario de Filipinas número 15 como capitán, e concedéuselle a cruz de primeira clase do Mérito Militar con distintivo vermello (*La Correspondencia Gallega*, Pontevedra, 29-IX-1897). Cando os tristes e sangrentos sucesos de Oseira de 1909, saldados coa morte de varios paisanos polas forzas da orde, foi nomeado xuíz instrutor do xulgado militar que interveu no caso. Destinado en Pontevedra, pasou logo a Santiago, onde formou parte e mandou o rexemento de Zaragoza número 12.



El Juzgado militar.
De izquierda á dereita: D. Vicente Casanova, el comandante Sr. Dato Muruais (queos testroctores),
el sargento Sr. Ropirón (secretario), D. Jalma Solá. Fotografía GIL

Vida Gallega, nº extraordinario, Vigo, maio 1909

Despois de corenta e sete anos de carreira militar concédennlle o retiro en 1921, cando estaba destinado como coronel de zona de Betanzos (*Anuario Militar de España*, 1921). Falece en 1928, e recibe sepultura en Ourense. Casara coa tamén ourensá Asunción Pérez-Feijóo de Prado, que faleceu no Couto un ano despois del. Non tiveron descendencia, ao parecer, pois na esquela desta publicada en *La Zarpa* (27-VI-1929) non aparecen fillos.

José aparece citado como «militar y poeta» e «literato muy querido en Compostela» nalgún periódico, mais non coñecemos ningún poema nin texto por el asinado, aínda que si a súa boa disposición para a literatura: en 1917, cando está destinado en Compostela, doa un dos premios para os Xogos Florais de Santiago e forma parte das comisións que recadaban fondos para o monumento a Rosalía que se inaugurou na Alameda compostelá nese ano.

OIRMÁN TOLIÑO

Juan Dato, o menor dos irmáns, era moitos anos máis novo ca Filomena. Segundo Román Alonso naceu o 22 de novembro de 1868, mentres que no *Anuario Militar de España* de 1931 figura como data do seu nacemento «30-9-72». Licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, e accedeu logo a médico militar provisional. Foi destinado a Filipinas en maio de 1897 cando a guerra colonial (*El Eco de Santiago*, 6-V-1897), experiencia que repercutiría negativamente na súa saúde mental.

O xornal de Toledo *La Campana Gorda* daba conta no número do 12 de abril de 1899, nun solto titulado «La repatriación», sobre a que se estaba a realizar dende as illas Filipinas onde o exército español sufría a derrota no conflito bélico que remataría coa perda das colonias, citando expresamente a Juan:

En la mañana de ayer fondeó en Barcelona el trasatlántico Buenos Aires, después de una travesía bastante penosa, conduciendo 1.222 pasajeros civiles y militares. [...] Efecto de las penalidades sufridas vienen dementes el médico provisional D. Juan Dato, natural de Orense, y el soldado Salvador Pérez, de Valencia.

A mesma mala nova dábaa *La Correspondencia de España* do 10 de abril. E foi precisamente Filomena quen recibiu a seu irmán á chegada do barco, segundo a compostelá *Gaceta de Galicia* do 21 de abril:

Se halla en Madrid la poetisa gallega Doña Filomena Dato, que había ido à Barcelona con objeto de recibir y acompañar á su hermano don Juan, médico militar, que procedente de Filipinas en estado de demencia, ingresará muy en breve en una casa de salud.

En febreiro de 1903, Juan Dato quedaba agregado á «sección de inútiles» por ter «perdido la razón» (*El Noroeste*, 24-II-1903) e ingresa no Corpo de Inválidos en xullo de 1906 (*El Noroeste*, 7-VII-1906). En 1931 cobraba soldo equiparado ao de tenente coronel (*Anuario Militar de España* 1931, páx. 474).

Xaquín Lourenzo, «Xocas», cando fala dos tolos de Ourense nunha entrevista (*As nosas voces*, 20. Arquivo sonoro de Galicia, Consello de Cultura galega, Santiago, 2004) refírese a Juan Dato, e equivoca a guerra de Cuba coa de Filipinas, que foron procesos simultáneos:

Cóntase que nunha ocasión veu aquí Unamuno e visitou a Lamas Carvajal, visitou a dona Filomena Dato, e a non sei quen máis. Que resulta que cada un deles tiña un tolo na casa e que Unamuno marchou un pouco asustado dicindo: «¡Pero se en Ourense en cada casa hai un tolo!». Porque efectivamente había uns tolos moi pintorescos. Un deles era don Juan Dato, irmán de dona Filomena Dato Murais. Este don Juan Dato era médico, e púxose tolo. Era médico militar, púxose tolo na Guerra de Cuba, cando veu da Guerra de Cuba, veu o home tolo. Claro, non puido volver exercer. E tiña unhas manías rarísimas.

Ao mellor dáballe por vir cun caldeiro á praza do Ferro e dedicarse a baleirar o pío. Enchía o caldeiro, ía a un sumidoiro a *bazar* a auga. Claro, a auga seguía correndo, non a acababa nunca con aquilo.

Ía ao portal na rúa de Alba, ía ao portal dun médico que había alí, que era Rionegro. Rionegro, un gran médico. E non se sabe por que, nin se sabe que quería dicir aquilo, desde o portal berráballe: «¡Eu non lle pago, que lle paguen os pochos!». Non se sabe quen eran os pochos nin o que tiñan que pagarlle. Pero deulle por aí, e ía berrarlle. Dáballe tamén por pechar as ventás. Se pasaba por aí pola rúa e a ventá desta casa estaba entreaberta, subía, chamaba, abríanlle a porta, entraba, pechaba a ventá, volvía marchar tan tranquilo. No instituto, xa entón era eu alumno do instituto, no instituto foi unha vez, e o instituto ten, ou tiña, un paseo todo arredor, un corredor no primeiro piso con ventás destas de guillotina. Estaban abertas. E entón don Juan empezaba a baixalas e nós detrás del. E el baixaba as deste lado, daba a volta para baixar as daquel, e nós detrás del levantándoas outra vez. E insisto, un home un mar de tempo baixando as ventás sen darse conta.

Ernesto G. del Valle nun artigo no vespertino compostelán *La Noche* (28-VI-1963), no que facía un relato de «Locos, tontos, chiflados...» de Ourense, conta a gran afección de Juan polo debuxo:

Don Juan Dato, otro loco de la guerra de Cuba. Había sido médico militar. Todos los niños le querían. Siempre pulcramente vestido, muy atildado. Su bondad y paciencia no tenían límites. Los chicos acudían a él con papeles en blanco, hojas de libreta para que les hiciese dibujos. El dibujaba paciente y apacible, horas y horas, soldados de guardia, sencillas escenas de guerra, y con preferencia caballos, muchos caballos. Dibujos ingeniosos que a todos daban alegría.

Unha mostra dos seus debuxos, cinco, ofrécea Román Alonso no seu citado libro. Tamén se fai eco G. del Valle da manía de pechar as ventás que acometía a don Juan:

Médico antigo, con antigo concepto de la higiene, por donde iba pasando cerraba las ve(n)tananas de los pisos bajos que encontrase abiertas, seguramente porque temía a las corrientes de aire y las pulmonías.

O CURMÁN PRESIDENTE

Eduardo Dato Iradier (A Coruña, 1856-Madrid, 1921), avogado prestixioso, dirixente do partido Conservador e presidente do Consello de Ministros en tres ocasións (1913-1915, 1917 e 1920-1921) era curmán de Filomena, pois era fillo de Carlos Dato Granados, irmán do seu pai, militar tamén que rematou a vida activa co grao de coronel. Destinado en Vitoria-Gasteiz, casou alí con Lorenza Justiniana de Iradier Arce Martínez. O nacemento coruñés de Eduardo Dato deberíase ao provisorio destino profesional do pai. Sendo de curta idade, a familia marchou a Madrid, onde se instalou definitivamente. As estadias madrileñas de Filomena, dende moi nova, estarían vencelladas, pois, ás relacións cos seus tíos e curmán, máxime dende que ficou orfa do pai.

Tampouco foi allea Filomena ás vicisitudes políticas do seu curmán. O 6 de xullo de 1915, dende O Carballiño, onde debía estar «tomando as augas», escribíalle a Augusto González Besada, un dos líderes do partido Conservador, posto que se sentía obrigada a darlle as grazas por apoiar a Eduardo como xefe do partido fronte a Antonio Maura:

Ilustre conterráneo y distinguido amigo: me creo en el deber de dar a V. gracias por su iniciativa en la proclamación de jefe del partido conservador hecha a favor de mi primo Eduardo: honra que enorgullece mi corazón, tanto más, cuanto es debida a persona de tan altos méritos que pudiera, con la misma justicia recabarla para sí, sin que nadie se creyese preterido. [...] Y, porque, como es natural, aunque a V. le estimo y admiro mucho, quiero más a quien es de mi sangre, quedo a V. reconocida. [...]

(Arquivo da Real Academia Galega, caixa 367 36)

Eduardo Dato, máis ligado á cidade da súa familia materna que á Coruña, sería deputado a Cortes por Vitoria dende 1914 e antes fórao por León. Cando en 1899 foi nomeado Ministro da Gobernación, un xornal galego facendo alusión ao seu nacemento coruñés, e tamén á súa parentela ourensá, dicía: «Si la partida de bautismo obliga á algo está de enhorabuena la Coruña» (*El Diario de Pontevedra*, 7-III-1899, citando «un colega regional»). Mais non consta que a súa xestión dese motivos para iso.

O 7 de marzo de 1921 foi asasinado, cando era presidente do goberno, por tres anarquistas que lle dispararon dende un sidecar, en represalia polo apoio á represión sindicalista en Cataluña e ao asasinato do avogado anarquista Francesc Layret. O rei

La Voz de Galicia
 Miércoles 8 de marzo de 1921
 N.º 10.000
 P.º 100

UN TRÁGICO ACONTECIMIENTO NACIONAL
EL PRESIDENTE DEL CONSEJO DE MINISTROS
:- DON EDUARDO DATO :-
FUE ASESINADO AYER EN MADRID

UNA VERSION DEL ATENTADO.-LA MOTOCICLETA DE LA MUERTE.-VEINTISIETE DISPAROS CONTRA EL AUTOMOVIL PRESIDENCIAL.-MUERTE RAPIDA

Ayer tarde fue a su casa en la calle de Alcalá, y a las 8 y 30 minutos de la noche, cuando se encontraba en su despacho, se presentó un sujeto que se presentó como un empleado de la casa de la familia de don Eduardo Dato, y le dijo que tenía un mensaje de su hijo, don Eduardo Dato, que estaba en Madrid. Don Eduardo Dato se levantó y salió a recibirlo. El sujeto, que era un anarquista, le disparó con una pistola, y don Eduardo Dato cayó al suelo. El sujeto salió corriendo y se escondió en un callejón cercano. Don Eduardo Dato fue trasladado al Hospital de San Carlos, pero murió a las 10 y 30 minutos de la noche.

El atentado se realizó en la calle de Alcalá, número 10, donde se encontraba el domicilio de don Eduardo Dato. El sujeto que disparó fue identificado como un anarquista llamado Juan García. Este fue capturado por la policía y se le atribuyó el crimen. Don Eduardo Dato fue enterrado en el cementerio de San Isidro de Madrid.

Este atentado provocó un gran escándalo en España y en el extranjero. Se le atribuyó a los anarquistas y se consideró uno de los actos más trágicos de la historia reciente de España. Don Eduardo Dato fue presidente del Consejo de Ministros en tres ocasiones: entre 1913 y 1915, en 1917, y entre 1920 y 1921.

outorgoulle á viúva o título de Duquesa de Dato. Ocuparía, curiosamente, de xeito interino a presidencia do consello o ponteareán Conde de Bugallal, ministro de Gobernación, deputado por Pontevedra e por Ourense alternativamente en múltiples ocasións, que non era alleo ás relacións sociais de Filomena. Esta asistíu, por exemplo, a unha festa que os Condes de Bugallal celebraron na súa casa madrileña en honor de Sofía Casanova en marzo de 1914.

En varias ocasións a prensa fixo alusión a esta relación familiar entre a poeta e o político (nados no mesmo ano) que compartían apelido, non sempre de xeito atinado: «sobrina del célebre estadista de su apellido está en Santiago para ser operada de vista» (*El Compostelano*, 15-1-1923); «la finada era prima carnal del expresidente del Consejo D. Eduardo Dato» (*El Diario de Pontevedra*, 27-2-1926).

COLABORACIÓN NA PRENSA EN GALEGO

Filomena colaborou en varias das publicacións en lingua galega que xurdiron a finais do século XIX vencelladas ao movemento rexionalista, semanarios os máis deles: *O Tío Marcos da Portela* (Ourense, 1876-1889), o primeiro integramente en galego fundado e dirixido por Valentín Lamas Carvajal, publicou tres poemas da autora logo recollidos en *Follatos*: «Os ollos d'a morta», «A Lourizán» e «No aniversario da morte de Camilo Placer». A Lamas, co que mantivo estreita relación nos seus comezos literarios, dedicoulle á súa morte o poema «Ó gallego máis gallego Valentín Lamas», publicado na terceira época de *O Tío Marcos da Portela* en 1918, non recollido en libro. Na mesma publicación viu a luz o ano anterior outro poema tampouco recollido: «Lira gallega valeira» (18-21-II-1917).

O Novo Galiciano (Pontevedra, 1888-1889) inclúea na cabeceira entre a nómina dos colaboradores como «poetisa laureada», igual que a seu curmán Jesús Muruais, catedrático do Instituto de Pontevedra, mais non vimos colaboración de ningún deles na colección dixital que se conserva.

As Burgas (Ourense, 1894-1895), publicou «O gaitero de Xixón» no número 3 (6-I-1895), poema co que gañou o certame celebrado en Tui en 1891 e non recollido en libro. O poema establece un diálogo co célebre do poeta asturiano Ramón de Campoamor (a quen cita expresamente no lema), e mantén a mesma estrutura de seis partes en versos octosílabos.

N' *A Monteiro* (Lugo, 1889-1890), dirixida por Amador Montenegro, a pesar de que no comezo do tomo II aparece encabezando destacada a nómina de colaboradores, a única muller, só colaborou en dúas ocasións cos poemas «A nay do soldado» e «¿Qué dirán?», ambos recollidos en *Follatos*.

Noutras máis de tipo festivo, que publicaban un tipo de poesía máis popular e costumista, ás veces mesmo asinada con pseudónimo, non atopamos a Filomena: *A Fuliada*, *O Antroido*, *A tía Catuxa*, etc.

A POETALAUREADA

Resulta habitual vela citada na prensa como «la laureada» ou «la tantas veces laureada poetisa», e non en van, pois foron numerosos os premios que obtivo en certames literarios por toda Galicia e mesmo algún fora dela: A Coruña (1885), Ourense (1887), Pontevedra (1888), Vigo (1888), Sevilla (1888), Granada (1889), Tui (1891), Salamanca (1891), Lugo (1901) e novamente Ourense (1902).

No certame literario de Ourense, con motivo da inauguración da estatua do Padre



VERDE. A la memoria de Carlos Enriquez.
"El ex-sala, en la ribera del Miño."

De izquierda a derecha: Srta. Perreira, Srta. Rosa y Srta. Mari, Srta. Casanova, Antonio
Roz Soto, Filomena Dato Muruais, Francisco Nieto, Xosé Aguilón, Domingo, Domingos, Antonio,
e Xosé (probable canteiro, construtor do novo río monumental).
Foto: Víctor

Vida Gallega, nº 48. Vigo, 30-IX-1913

Feijoo, en setembro de 1887 Filomena obtivo nada menos que tres dos premios que se outorgaban: unha escribanía de prata ao mellor romance descritivo da aldea natal de Feijoo, Casdemiro; 250 pesetas á poesía en galego que mellor desenvolvera o tema da «Defensa das mulleres» inspirado no discurso escrito por Feijoo; e dous artísticos xarróns de bronce niquelados por unha «Colección de cantares» en galego. Ao remate da entrega dos premios, discursou a Pardo Bazán durante máis de hora e media. (*Eco de Galicia*, 14-IX-1887). A «Defensa de las mujeres» polo Padre Feijoo fora publicada en *El Heraldo Gallego* en 1876. Aí a lería a moza Filomena, e quizais coñecería as célebres redondillas da mexicana Sor Juana Inés de la Cruz (1651-1695), que comezan «Hombres necios que acusáis / a la mujer sin razón, / sin ver que sois la ocasión / de lo mismo que culpáis / [...]» e que, curiosamente, incluíría a famosa rapsoda arxentina Berta Singerman no seu recital coruñés o mesmo día do enterro de Filomena.

Nos Xogos Florais de Vigo de agosto de 1888, Filomena obtivo un dos premios e foi moi aplaudida polo público, a única dos premiados que leu o seu traballo, «al terminar el cual fue nueva y estrepitosamente aplaudida, tomando después asiento en el escenario» (*El Correo Gallego*, 14-VIII-1888).

Nos Xogos Florais de Lugo de 1901, obtivo un accésit a unha poesía humorística (premio do Casino de Lugo consistente nun artístico reloxo de bronce para despacho), co poema en galego titulado «¡Deño de moscas!», e demostra que tamén era quen de facer este tipo de poesía



Xogos Florais de Ourense. Á esquerda, Filomena sentada e Emilia Pardo Bazán de pé. ABC, Madrid, 6-VII-1901.



Banquete homenaxe a Murguía. Ao fondo, na mesa presidencial, Filomena, Murguía, Casás, María Barbeito e A. Martínez Salazar. Arquivo da Real Academia Galega (FXL caixa 3 24)

no que destacaba Labarta Posse. Tamén obtivo unha mención honorífica na categoría «Fides» polo poema «Muero, porque no muero» á poesía en castelán que mellor se inspirara no pensamento de Santa Teresa.

Alén dos premios, foron tamén múltiples as ocasións en que Filomena foi requirida para participar en diversos actos e homenaxes a persoeiros ilustres por todo o país. Así, en agosto de 1890 participa en Vigo nunha festa homenaxe ao almirante Méndez Núñez, lendo un poema dedicado ao famoso mariño e no que facía entusiastas alusións «al victorioso inventor del submarino D. Isaac Peral.» (*Gaceta de Galicia*, 25-VIII-1890).

Foi a mantedora do certame de Lugo de 1900, do que falaremos máis adiante, no que non se nomeou raíña da festa, e no seu discurso deu «una nota feminista», en que avogou pola igualdade de dereitos do home e da muller. E tamén preside o xurado dos Xogos Florais de Ourense de 1901, que coincidiron coas festas do Corpus, que tiveron como mantedora a dona Emilia Pardo Bazán. Xuntas acudiron á «reunión de confianza» no Liceo ourensán e, ao día seguinte, Filomena vaina acompañando ata Monforte cando toma o tren correo cara á Coruña.

Na homenaxe a Curros Enríquez na Coruña en 1904, Filomena foi a única muller que estivo na mesa do escenario, presidida por Murguía. Claro que tamén estivo na mesa presidida polo franciscano Padre Plácido no acto organizado polo Ateneo León XIII de Compostela para conmemorar o 25 aniversario da exaltación ao solio pontificio do Papa dese nome.

Na homenaxe a Murguía nos seus 80 anos, celebrada na coruñesa Reunión de Artesanos o sábado 17 de maio de 1913, o patriarca entrou ao salón onde agardaban douscentos comensais acompañado de Filomena e de María Barbeito. Filomena sentou á dereita de



Homenaxe a Rey Soto na estrea da súa obra *Amor que vence al amor*, na Coruña o 15 de febreiro de 1917. Na fila dianteira: Murguía (detrás del Martínez Salazar), Fernández Mato, a actriz Gloria Torrea, Alejandro Barreiro (entre os dous anteriores), Rey Soto, ?, Manuel Casás e Filomena. A moza sentada á marxe do grupo podería ser unha sobriña desta última.
Arquivo da Real Academia Galega (FS caixa 29 93)

Murguía e no momento das intervencións ergueuse, «entre una gran ovación», a ler o seguinte poema que reproducía *La Voz de Galicia* ao día seguinte:

Galicia, á quen tanta gloria
conqueriu ó teu talento,
n'un agape jubiloso
xuntouse n'este Liceo.
Ven á celebrar gozosa
o venturoso momento,
en que viñeches ó mundo;
porque cando nac'un xenio
nac'un sol, y-a sua pátre
ten cobiza o mundo enteiro.
Compres hoxe ochenta anos,
e cando compras os cento,
volverá a berrar Galicia:
¡por moitos anos, maestro!

O domingo 18 celebrouse no mesmo local unha velada literaria, en que ocuparon o estrado Murguía, Manuel Casás, presidente da entidade, Salvador Cabeza de León, alcalde de Santiago, e Filomena Dato. Esta brindou de novo ao viúvo de Rosalía «otra lozana poesía debida a su inspiración», se ben desta vez o periódico non a reproduce (*La Voz de Galicia*, 19-V-1913).

Filomena non faltaba nos actos socio-culturais máis relevantes da súa cidade natal. Durante as festas do Corpus de 1913 en Ourense, homenaxeouse a Lamas Carvajal con música galega e acto literario no que participan Filomena xunto a Sofía Casanova («que para este objeto vino desde Madrid»), Rey Soto e outros (*El Noroeste*, 23-V-1913). Catro meses despois, en novembro, tamén tivo lugar en Ourense unha singular homenaxe a Curros, coa colocación dun monolito –desaparecido anos despois– a carón da Ponte Vella, no que tamén está Filomena coa súa amiga Sofía Casanova e outras persoas. Moitos anos despois, noutra homenaxe a Curros en Ourense en 1925, no que tamén interviron Otero Pedrayo e Vicente Risco, volve ter participación Filomena. En 1918 inaugúrase nos xardíns do Posío o monumento a Lamas Carvajal e Filomena é a encargada de descorrer a cortinaxe que o cubría (*La Vanguardia*, 2-VI-1918). Asemade, nos actos de dar o nome de Curros e Lamas a senllas rúas de Ourense, acto no que se cantou o himno galego ao remate, e no que a poeta figurou na comitiva, «entre las concejales», que presidiu o gobernador e a corporación municipal (*El Orzán*, 17-VI-1925).

Mesmo en Madrid, na homenaxe que en marzo de 1914 a asociación Galicia en Madrid lle rendiu ao crego e escritor ourensán Méndez Gaite, non fallou a súa presenza.

Ela mesma foi obxecto de homenaxes. Xa no verán de 1888 dedícanlle en Pontevedra unha velada literaria e o Orfeón pontevedrés dálle unha serenata (*El Correo Gallego*, 14-VIII-1888). En decembro de 1895 o Centro Galego de Madrid celebra unha velada literaria e musical na honra de Sofía Casanova e Filomena Dato, que leron as súas poesías. Filomena leu «A Galicia», en castelán, e dúas composicións en galego (*La Justicia*, Madrid, 16-XII-1895). En 1902 o mesmo Centro Galego celebra outra velada literaria na súa honra, na que tomaron parte Emilia Pardo Bazán, Valle Inclán, Prudencio Rovira, Eloy L. André, Vales Failde e Bargiela. É dicir, boa parte da intelectualidade galega en Madrid. (*Gente Vieja*, Madrid, 10-XII-1905). Como homenaxe póstuma cómpre citar que na conmemoración do Día de Galicia de 1933 se descobre a placa que dedican as mulleres ourensás a Filomena na casa da rúa de Santo Domingo onde viviu (*La Vanguardia*, 25-VII-1933).

En 1892, a Deputación provincial de Ourense concédelle 250 pesetas, igual que a Alberto García Ferreiro, para a publicación das súas poesías, probablemente o libro *Follatos* que publicara o ano anterior, aínda que en 1895 publica *Romances y cantares* (*El Correo Gallego*, 13-IV-1892; *El Regional*, 10-IV-1892).

PONTEVEDRA, UN SEGUNDO FOGAR

Logo do Ourense natal, foi Pontevedra a segunda cidade galega nas súas preferencias e onde pasou grandes tempadas, colaborou na súa prensa e lle dedicou poemas, como o titulado «A Pontevedra», que comeza coa saudación «¡Salve preciosa cidade, / rica xoya da Galicia,...» e remata declarando «¡Quen, Pontevedra adourada, / d´o Lérez pelra divina, / sen arrenegar d´Ourense /poidera ser túa filla!»

Como lembraba case tres décadas despois da súa morte *El Pueblo Gallego* (5-XII-1954):

Muy conocida en Pontevedra por sus frecuentes visitas a sus parientes doña Soledad y don Jesús Muruais, se rodeaba en tan procer mansión del alimento literario de la época, encontraba en sus breves visitas un sedante para su alma atormentada por lo que aprovechó el destino en Pontevedra de su hermano José como coronel de infantería para alargar su permanencia mientras duró su destino.



Textos de Filomena no *Álbum poética autógrafa* do seu amigo Javier Valcárce Ocampo. Fundación Penzol, Vigo, sig.:499. Consulta dixital en galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es


Unha amizade pontevedresa foi Javier Valcarce Ocampo, oficial do goberno civil. Dirixía o suplemento literario do *Diario de Pontevedra* titulado *Las quincenas de «El Diario»*, que saía por 1890 e no que colaborou Filomena. Ambos os dous coincidiron colaborando nalgunhas publicacións, como o *Extracto de Literatura*. O *Álbum poético autógrafa* deste, conservado na Fundación Penzol en Vigo, está encabezado por unha dedicatoria en verso de Filomena, da que hai ademais outro pequeno poema autógrafa tamén en castelán datado en Pontevedra en 1887.

Filomena colaborou en varias publicacións da cidade do Lérez. *Galicia recreativa*, «semanario popular - utile et dulce», dedicáballe a súa portada do número 16, do 20 de maio de 1890, con retrato gráfico e poético:

Joven, elegante y bella
 En talento y en virtud
 No hay quien le aventaje à ella,
 Y es en el Parnaso estrella
 De primera magnitud.

No mesmo número incluía o poema «Escondida», que non vimos recollido en libro, e no seguinte «Tu patria y la mía», cunha enigmática dedicatoria «A...», que cando o poema se publicou en versión galega no libro *Follatos* trocouse en «A D. Nicolás d'ó Paso e Delgado», catedrático universitario e político granadino (1820-1897). Tamén publicou nesta revista en 1891 «Ó Lérez» e «Xa volveu», poemas que se recollerían en *Follatos* aparecido a finais dese mesmo ano. Sobre este libro fai en galego unha orixinal e interesante crítica F. Portela Pérez («Carta sin data», nº 44, 8-III-1892).

Un par de anos despois, *La revista popular* presentábaa como unha de «Nuestros colaboradores» (20-I-1893), lembrando a súa relación coa cidade do Lérez: «A Pontevedra ha dedicado algunas de sus poesías, enalteciendo sus campiñas, las bellezas de sus rías y la hermosura de sus mujeres». Algúns deses poemas foron recollidos no seu libro *Follatos*, que en 1893 era ofrecido en premio pola revista aos acertantes dos seus pasatempos.



A OBRA POÉTICA

Filomena publicou cinco libros de versos: *La letanía lauretana en verso* (Ourense, 1877), *Penumbras* (Madrid, 1880), *Follatos* (Ourense, 1891), *Romances y Cantares* (Ourense, 1895) e *Fe* (A Coruña, 1911). Deles, unicamente o terceiro está escrito en galego. Ás veces cítase tamén entre as súas obras *A la tuna coimbricense*, mais esta é un folleto de dúas follas (Santiago, 1898) publicado con ocasión dunha visita da tuna de Coimbra cun poema dedicado aos visitantes. Filomena debía ter querenza polas tunas, pois durante un concerto da Tuna compostelá na Coruña, que coincidía co Antroido, en febreiro de 1913, enviou en bolsa de seda unhas cuartetitas en galego dedicadas á tuna co título «¡Fuxe!» que foron lidas polo seu presidente o Sr. Porteiro. (*El Noroeste*, 20-II-1913). Este Porteiro non é outro senón que un dos fundadores da Irmandade da Fala de Santiago catro anos despois e que morrería no andazo gripal do outono de 1918. Á velada-homenaxe que se lle tributou á súa memoria, Filomena enviou unha adhesión moi sentida (*El Noroeste*, 14-XI-1918).

Follatos foi reeditado en 2008 pola editorial viguesa Trymar en edición bilingüe galego-castelán e a Deputación provincial da Coruña vén de realizar unha edición facsímile neste mesmo ano 2018. As obras en castelán non foron reeditadas nunca. En versión dixital, pódense consultar na Internet: en Biblioteca Digital Hispánica (*Penumbras* e *Romances y cantares*), galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es (*Penumbras* e *Fé*), Real Academia Galega (*Penumbras* e *Letanía lauretana*) e Biblioteca Virtual Galega (*Follatos*).

Con vinte e un anos publica *La letanía lauretana en verso*. A dedicatoria á Asociación de Hijas de María e a licenza do bispo de Ourense para imprimir e publicar a obra, que serve «para excitar en los fieles la devoción a la SANTÍSIMA VIRGEN», xa nos dá unha idea do catolicismo ortodoxo e militante da moza autora e dos contidos da obra. Unha súa amiga desta época metérase monxa e ela dedicaralle un poema que incluírá no seu seguinte libro: «Al entrar religiosa mi querida amiga Dolores Cancelada». Curiosamente, unha noticia da Coruña falaba dun posible uso escolar desta obra cunha cifra desorbitada:

Se halla en esta población la señorita D^a Filomena Dato, autora de una letanía lauretana escrita en verso para las escuelas. Piensa colocar en esta ciudad cerca de 5.000 ejemplares. (*El Diario de Santiago*, 21-9-1877)

Con vinte e catro anos vai publicar *Penumbras*, «colección de poesías por la Srta. D^a Filomena Dato Muruais dedicada a S.M. La Reina D^a María Cristina Deseada» (Madrid, Est. Tip. de R. Labajos, 1880). Ábrese cunha «Bienvenida» á raíña María Cristina, a quen

Ile dedica outro poema, «Su retrato». A austríaca María Cristina casara uns meses antes co viúvo Alfonso XII, co que tivo ao que sería Alfonso XIII.

Mais despois desta apertura rexia, a moza poeta inclúe no libro o poema «A Galicia», datado en Madrid en marzo de 1875, cinco anos antes da edición do libro e escrito con apenas dezaoto anos. Na capital do reino, a mociña suspira pola «patria» galega:



Hacia la patria querida, / anhela volar mi alma, / que suspira por la calma / que gozó toda la vida. / ¿Cuándo volveré a gozar / de tus áuras la caricia? / ¿Cuándo volveré, Galicia, tus encantos á admirar? (...)

Nesta colección poética recolle algúns referidos á terra galega como «Al castillo de Monterrey» ou «De Lalín a Santiago» e tamén outros que remiten ás penumbras do título: «¡Ay del que amores soñó», «Lágrimas», «Hojas marchitas», «Desencanto»... E non faltan os de temática relixiosa, tan cara á autora.

Algúns poemas deste libro van dedicados a persoeiros que coñecería en Madrid na súa estadía na corte: «A mi distinguido amigo, el ilustrado historiador D. Manuel Américo», «Al inspirado vate García de Salazar», ou «A la Excma. S^a. Marquesa de la Paz». De feito, varias composicións están datadas en «Madrid, 1879».

Follatos, poesías gallegas, (Ourense, 1891) é o libro que Ile deu máis sona e o único publicado en galego e que a sitúa na historia da nosa literatura. Foi, logo de Rosalía, que xa falecera seis anos antes, a primeira muller en publicar un libro en galego. En abril de 1891 anunciábase a súa próxima publicación, a mediados de decembro aparece anunciado no diario madrileño *El País* e o primeiro de ano de 1892 aparece a primeira reseña que coñecemos en *La Patria Gallega*, órgano oficial da Asociación Rexionalista. Continuando a súa militancia monárquica, vaillo dedicar á Infanta de España Sabela Francisca de Borbón, a Chata popularmente, irmá do rei Alfonso XII, ao igual que Ile dedica o longo poema que encabeza o libro, «Defensa das mulleres», á Marquesa de Nájera, amiga da infancia e dama de compañía inseparábel da infanta, muller por tanto que non debía precisar moita defensa.

Con relación á súa querenza monárquica e cara á figura da infanta, na visita desta á Coruña en xullo de 1906, de paso para Ferrol, cando percorreu a poboación «Al cruzar por la calle Real, la inspirada poetisa D^a. Filomena Dato hizo arrojar desde varios balcones una tirada de versos escritos en dialecto gallego é impresos en papel blanco» (*El Noroeste*, 21-



Portada de *Follatos* e dedicatoria a Emilia Pardo Bazán nun exemplar conservado na Academia Galega.



VII-1906). Cando a visita da infanta en 1913, para asistir á botadura do cruceiro Alfonso XIII e á inauguración do ferrocarril Betanzos-Ferrol, no semanario betanceiro *Nueva Era* (6-V-1913) e en *La Voz de Galicia* do mesmo día reproducíuse o seu poema «Por ti, Infanta Sabela», tamén publicado na compostelá *Gaceta de Galicia* (8-V-1913) e a viguesa *Ilustración Gallega* (10-V-1913).

Ademais da «Defensa das mulleres», extenso poema dividido en sete apartados, o libro recolle corenta e tres poemas e unha colección de cantares, ao xeito das cantigas populares.

Cantora do Lérez e do Miño, da «frorida xuventú do grorioso batallón d'os Literarios / que mortos fostes pero non vencidos!» e dos heroes invictos da Ponte Sampaio, a autora ten en varios poemas deste libro moi presente a patria galega, á que canta con sentimento: «Pequena pátre, amor d'os meus amores / Galicia hermosa à quen eu quero tanto»; «Nobre Galicia, singular matroa / de groriosos loureiros coroad: / quixerate cantar, nai adourada, / ¡e non te sei cantar...! ¡Patre, perdoa!». Tamén no poema «Morriña» xorde a oposición Galicia/Castela.

Dous poemas teñen como tema a Rosalía, «a mulleriña santa»: «Non morreu» e «A Rosalía Castro». Ten outro dedicado a un escritor ourensán que viña de falecer: «Á Camilo Placer. ¡Durme!». O poema «A Lourizán», que fora premiado no certame de 1888 en Pontevedra dedícallo á filla do todopoderoso político Montero Ríos, que tiña alí a súa residencia paxega. Outra dedicatoria é á escritora coruñesa Sofía Casanova de Lutoslawski, a quen debeu coñecer en Madrid. Outros son romances ou lendas en verso: «Eldefreda», «A Cintola» (sobre a lenda da cova do rei Cintolo).

A temática social aparece no poema «Diol-o empare», traxedia da pobre nai viúva a pedir por portas. E incluso o pacifismo en «A nai d'o soldado», tema repetido nos Cantares: «Eu tiña un filliño soilo / e levaronmo pr'a guerra / ¡maldito quen-a enventou! / ¡mil veces maldito sea!».

Nunha muller tan católica como Filomena non podían faltar tampouco os poemas relixiosos neste libro: «Pregarea», «A Virxen de Mondil», «A María Santísima».

Romances y cantares, (Ourense, Imprenta de A. Otero, 1895), é unha obra pouco citada e coñecida. Delicadeza e tenrura é a nota dominante desta obra, «como en todas las composiciones de su ilustre autora», segundo a reseña que incluía no seu «Boletín bibliográfico» a *Revista Contemporánea* en xullo de 1895.

Libriño de pequeno formato (15,5 x 10, 5 cm.), vai dedicado «A la Excelentísima Sra. Marquesa de Nájera». Nas súas 126 páxinas, recolle dez romances e cento sete cantares, a maioría de catro versos octosílabos, intercalados con algúns heptasílabos, con rima asonante nos pares. Van precedidos por unha introdución que se compón doutros VII cantares, dos que o primeiro semella unha presentación:

Gotas de llanto del alma
son mis cantares quizás,
que ruedan como las perlas
cuando se rompe un collar.

Os poemas do apartado Romances, de variada extensión, levan estes títulos: «A la patria» (entre as glorias da patria española que canta cita tres galegos: María Pita, Feijóo e Méndez Núñez), «A la Sagrada Forma», «El terremoto» (versión en castelán do poema do mesmo título que xa publicara en *Follatos*), «El ciego», «La carta», «A la cruz del Corpiño» (datado en «Mugía, Monte Corpiño, Junio 26 de 1894»), «Adiós», «Casdemiro» (que remata: ¡Cuna del sabio Feijóo, / mil veces bendita seas!), «La trenza rubia» (datado en «Morujo, Agosto del 89») e «¡No es verdad!» (datado en «Madrid, junio del 86»).

Fé, poesías religiosas, imprimiuse na Coruña en 1911, Tipografía de El Noroeste, con censura eclesiástica e un retrato da autora na portada. Xa se anunciaba a súa publicación en 1909. Está dedicado á Sra. D^a Juana Muruais, que xa falecera:

A ti, santa madre mía, que me enseñaste á creer en Dios y me dejaste en herencia el noble ejemplo de tus virtudes y la religiosa educación que me diste, tesoro que no tiene precio, dedico este libro cuya publicación es un acto de obediencia á tu último deseo expresado en la agonía..

Recolle corenta composicións, algunhas premiadas en certames, con títulos como «Al Santísimo Cristo de la Fé», «A la sagrada Hostia», «La Virgen del Pilar» ou «Al Divino Corazón de Jesús». Santa Teresa de Jesús e San Juan de la Cruz, con quen Filomena foi comparada esaxeradamente por algún crítico, están presentes nalgúns poemas. A *Gaceta de Instrucción Pública y Bellas Artes* dicía dela que era a «única cultivadora de la mística en el siglo XX».

Representa un paso atrás na súa obra, que volta aos comezos da *Letanía lauretana*. Ábrese co poema «Vengo á Ti», no que declara as súas intencións:

¡Oh, Dios del Sinaí! ¡Dios infinito! / (...) / Voy a cantarte así, porque en mi pecho / Alienta un corazón de amor herido / Que tu divina luz hallar ansía / Para abrasarse en su esplendente llama / Y fenecer de amores consumido. / Voy a cantarte á Ti; porque mi anhelo / Es encontrar para esconder mis penas / Un amoroso nido / Y hay en tu corazón una abertura / Donde vive el amor más encendido.

Esta obra parece que non tivo demasiado éxito de crítica nin de vendas. A propia Filomena confesáballo a Pérez Lugín nunha entrevista que este lle realizou en Moruxo para *La Voz de Galicia* (24-IV-1912) e que logo foi recollida no libro *La corredoira y la rúa*. A curiosa entrevista leva o título «En tierras de paz. La poetisa de las Mariñas» e case a metade do texto o utiliza Lugín para falar do seu percorrido da Coruña a Moruxo con



Retrato de Filomena publicado na revista *Galicia en Madrid*, nº 27, marzo de 1934.

simpáticos detalles costumistas. Ademais infórmanos que Filomena convivía daquela coas sobriñas Carmiña e Maruja e co seu irmán Juan e que a escritora estaba a ler o *Epistolario de Fradique Mendes*, de Eça de Queirós.

Ao chegar á residencia de Filomena, Lugín exponlle as súas intencións:

-Le» vengo de interviú, Filomena.

-Interviú con quién, hombre de Dios?

-Con usted

-No diga disparates y suba. No habrá interviú; pero le daré un caldiño de grelos que es gloria mismamente, y no habrá perdido el viaje.

Pérez Lugín solicita da poeta información sobre os traballos e proxectos que tenta levar adiante e a resposta desta é completamente desesperanzada e desilusionada:

-No escribo nada; no preparo nada. ¿Escribir? ¿Para qué? La escritura sólo produce disgustos. Disgustos si se acierta; disgustos de todos modos. Además los aldeanos no podemos hacer libros. Si ustedes, la gente cortesana, que está allí en la brecha de las envidias y malevolencias, cometen un grave pecado con atreverse a lanzar un libro, ¿cuál no será el nuestro? Yo tenía preparada una nueva edición de mis *Follatos* y otro libro de versos inéditos, *Cantos de las Mariñas*, u otro título que aún no he decidido; pero mi último reciente libro, *Fe*, me ha enseñado a aborrecer la vanidad de la letra de molde. ¡Qué batallas para que los libreros lo pusiesen en el escaparate! Qué desilusión con el silencio de los escritores católicos. Yo sabía que a estas alturas de descreimiento e indiferencia, un libro de poesías místicas es un libro absurdo y esperaba por ello los palos y las burlas de quienes por su desgracia no conservan viva la fe de sus primeros años; pero de antemano me confortaban de este desagradable trato las voces de aliento, adhesión y defensa de mis correligionarios... ¡Qué poco sabemos en estos rincones de los inverosímiles laberintos madrileños! Han tenido elogios para mis pobres versos, Dios se lo pague, los periódicos liberales, desde *ABC* hasta el *Heraldo* ¡y *España Nueva*! Unicamente los de mi comunión, los periódicos católicos de la Corte y de otras partes, han guardado silencio. Ni una palabra; ni siquiera un cortés acuse de recibo. ¿Cree usted que vale la pena de escribir para que «los de uno» le traten así? No hablemos más de esto; ¿qué se le va a hacer?

As queixas de Filomena a Lugín recollíaaas o semanario betanceiro *La Aspiración* (28-IV-1912), vencellado ao bando liberal, baixo o título «Enseñanzas amargas», en anónimo texto probablemente da autoría do seu director Juan Ponte y Blanco, quen aproveitaba para cargar contra «esa falange de periódicos que tan pomposamente se titulan católicos y defensores de la pureza del Santo Evangelio» e contra «los propagadores de la buena lectura y de los furiosos vapuleadores de la prensa liberal», e dá un interesante dato local, tendo en conta a proximidade de Moruxo con Betanzos:

Por lo que toca a Betanzos, baste decir que en la librería y papelería que D. José Iglesias Masdías tiene en la plaza de la Constitución, no se despachó todavía un solo ejemplar de los 10 que alguien dejó allí para la venta pública, y no se diga que no hay entre nosotros piadosos creyentes (suigéneris y circunstanciales) y una numerosa Junta de damas de la Buena Prensa y del buen libro.

Despois da morte de Filomena, a sobriña María Patiño Dato solicitou da Alcaldía de Ourense a adquisición de 350 exemplares de *Fé* e que ademais subvencionase as producións pendentes de edición (*La Zarpa*, 20-VII-1927).

A CRÍTICA COETÁNEA

A obra de Filomena, fóra deste fracaso de *Fé*, foi en xeral ben acollida no seu tempo, deixando aparte a crítica mordaz e satírica do seu curmán Jesús Muruais, recollida en *Semblanzas galicianas* (A Coruña, 1884), onde non deixa títere con cabeza, e referida sen dúbida a *La letanía lauretana*:

DATO MURUAIS (FILOMENA)

Del libro que ha hecho

No puede haber dos lectores

Que no exclamen compungidos:

¡Ora pro nobis!

Na crítica a *Penumbas* de *La Ilustración Gallega y Asturiana* (8-V-1880) en páxina asinada por Alfredo Vicenti, este amósase duro coa escritora e censúralle a falla de ambición:

La Srta. Dato Muruais no es un poeta primerizo à quien pueda desalentar el blando consejo ó la afectuosa censura. Desde hace tiempo son conocidos su Letanía lauretana y no pocos trabajos, publicados en el Heraldo de Orense y en distintos periódicos de Galicia.

Correctas y bellas, en cuanto à la forma, las poesías de la presente colección, algo dejan que desear, tocante à la índole del pensamiento y à la elección de los asuntos. Pasamos por alto lo del título, por más que en nada corresponda el de *Penumbas* à un libro en el cual resplandece el sol de la juventud, y en donde las tenues sombras que se advierten son inocentes nubes de estío, incapaces de resolverse en lluvia, ó como quien dice, en lágrimas; pero no queremos dejar de hacer unha pregunta. ¿Por qué la Srta. Muruais (también el nombre obliga), contando como cuenta con unas excelentes alas ha de reducirse à ensayarlas en vuelos caseros, para festejar à tales ó cuales vulgares amigas, desatendiendo esotras nobles y grandes enemigas que se llaman naturaleza y pasión humana?

La timidez, no ménos que la arrogancia, suele ser pecaminosa.

Recomendamos, pues, muy cariñosamente à la joven autora de *Penumbas*, que en lo futuro ponga la mira más en alto, puesto que para ello tiene inspiración é ingenio bastantes, à juzgar por esta y por las anteriores manifestaciones.

O mozo xornalista ferrolán Adolfo Vázquez Gómez, entón asentado en Betanzos, onde vivían seus país e onde colaborou na prensa local e fundou un diario, publicou en *Las Riberas del Mendo* (19-II-1889) un texto sobre Filomena, copiado no *Álbum Literario* de Ourense ao mes seguinte, no que relata unha visita que lle fixo na súa casa de Ourense. Chámaa «la nueva Rosalía Castro», aínda que ata dous anos máis tarde non publicará os seus *Follatos*, se ben xa viña publicando poemas en galego na prensa, e di dela que é

POR TI, INFANTA SABELA



La poetisa gallega Filomena Dato

Por tí, dona de alta castre,
Galicia, sempre fidalga,
c'un rico manio de Carie
hose sistema de guía.
Tende terolapelo verde
por campas e montañas;
con froces das mala sistemas
as docez setpas amalla;
escolle preciodas pebras
no gorgallo das fontanas;
os regatos brásladores
dante molinos de prala,
y anezas de branca escuma
as rias anecoradas.
Por tí, miña dona, quizo
estar mala linda e galana;
pergáos teus ollos azules
n'ela con amor pensuras,
pedísif her'a Primayre
suas sentiduras prestadas;
pra que sezas ben venida
y'a terra te seza prala,
comellon eses e brías,
os regatillos y os aires
os relactores y as oiras
d' pouco y' aridocracia.
Toda cuberta de rocas
se presenta en ílar prafias
esta Galicia tan nobre,
tan leal é tan fidalga,
que che ofrenda en homenaxe
o mala rico (a súa oira)
Cando te oclama, Sabría,
non d' século jufo a Infanta!
Dí tamén, ao mesmo tempo,
¡que oira o Rey! ¡Viva España!

FILOMENA DATO MURUAIS.

Retrato e poema de Filomena
en *La Voz de Galicia*, 6-V-



Retrato de Filomena por Ángel.
La Tierra Gallega, nº 122,
 Habana, 17-V-1896.

«una de las glorias más legítimas de la región gallega» e que gozaba dunha «inteligencia privilegiada». O mociño xornalista, de apenas vinte anos, que xa lle tiña dedicado un poema meses antes, comeza dicindo sobre Filomena, quen contaba con 32 anos:

Tiempo hace que deseaba yo conocer à la eminente poetisa, cuyo nombre es tan simpático à los que se dedican al cultivo de las letras. La lectura de sus versos me había encantado, disipando muchas veces las densas nubes de tristeza que se han cernido sobre mi frente.

A súa conversa versou –segundo el– sobre literatura, arte, música, costumes e xeitos de vida de diversos pobos. O republicano federal, que xa moi mozo sufrira o exilio en Portugal, pareceu conxeniarse ben con Filomena, quen lle deu a entender que no referente á política «no quiere figurar para nada». O 2 de decembro de 1891, Vázquez Gómez daba noticia da aparición e posta á venda de *Follatos*, que «la Srta. Dato ha tenido la amabilidad de enviar dos ejemplares à la redacción de El Mendo», diario betanceiro por el fundado.

A pontevedresa *La revista popular* presentaba en xaneiro de 1893 a Filomena como unha de «nuestros colaboradores», «mujer hermosa, simpática y modesta», e afirmaba que cando publicou as súas primeiras composicións poéticas «era todavía una niña» e continúa dicindo que:

por más que aquellas adolecían de pequeños defectos, propios de la inexperiencia, los periódicos de la región gallega y los literatos más distinguidos se ocuparon tan favorablemente de la nueva poetisa que, los merecidos elogios que la tributaron, animaron à nuestra estimada amiga à continuar trabajando con verdadero entusiasmo.

Entre os seus libros *Penumbas e Follatos*, «en los que ha justificado su valimiento», dubidan en considerar cal ten máis calidade, sen discernir na cuestión idiomática, pois un estaba escrito en español e o outro en galego: «si nos preguntan cual de los dos es el que reúne mayor número de bellezas, nos veremos perplejos para contestar con exactitud à tal pregunta, porque, realmente, los dos libros son notabilísimos.»

Outra publicación pontevedresa, o *Extracto de literatura, semanario dosimétrico ilustrado*, que dirixía o poeta festivo Enrique Labarta Posse, dedicáballe no mesmo ano a Filomena a portada do seu número 27 (8-VII-1893), como viña facendo con outros escritores, artistas e políticos, sendo a primeira muller que aparecía nesta especie de galería de ilustres, con retrato dunha Filomena que ía cumprir trinta e sete anos e a glosa poética, chea de lugares comúns, que facía o propio Labarta (aínda que en ocasións, como nesta, aparecían sen asinar):

Filomena, la sencilla, / dulce é inspirada cantora / de estos cielos, de estos ríos, / de estos valles, de estas frondas; / de su voz arpada y dulce / con las encantadoras notas / y los

acentos purísimos / que sus versos atesoran, / queda en éxtasis el alma, / y el espíritu se arroba. / Mujer, poetisa y gallega... / ¡ Toda la poesía! ¡ toda!

Dous meses despois, a segunda muller que aparece nesta galería do *Extracto de literatura* (nº 39, 30-IX-1893) é Sofía Casanova e nesta ocasión, e excepcionalmente, será a súa amiga Filomena a que lle faga o panexírico poético, xa que todos os outros facíaos Labarta. É esta a única ocasión na que vemos colaborando a Filomena na revista.

Cando a publicación de *Follatos*, en *La Patria Gallega* (ano II, nº 1, 1-I-1892), órgano da Asociación Rexionalista liderada por Murguía, apareceu unha reseña deste libro bastante crítica. Despois de dicir que contén gran número de composicións que xa apareceran na prensa e algunhas premiadas en certames, afirma que «este es el mejor elogio que puede hacerse de la autora y del libro», para continuar dicindo:

Notamos sin embargo, alguna tibieza en las poesías de la laureada poetisa, y escaso cuidado en la forma: *crube*, por ejemplo, no hay licencia poética que le haga pasar por contracción de *querube*.

Porque sabemos que la señorita Dato Muruais tiene sobradas dotes para hacer un libro digno por todos conceptos del vigoroso renacimiento de nuestras letras, quisiéramos más cuidado en la elección de las composiciones destinadas a figurar en *Follatos*, y más sobriedad en el empleo de voces del castellano, sobre todo cuando tenemos más hermosos equivalentes en el Diccionario Gallego.

Para rematar, de xeito contraditorio co exposto:

De todos modos, *Follatos* es una nueva prueba del florecimiento de nuestra literatura, cada día más depurada de los naturales defectos de que todas adolecen en un principio, y à la par que felicitamos por ello à su autora, recomendamos à nuestros suscriptores la lectura del libro que se vende al precio de 3 pesetas.

Cando se publica *Fe*, o semanario satírico madrileño *Gedeón* fai unha reseña da obra co seu característico humor gedeónico (10-XII-1911), tratando «piadosamente» libro e autora:

Doña Filomena Dato Muruais es una señora poetisa. Esta señora poetisa ha publicado un libro de versos. Este libro de versos denomínase *Fe*. Y *Fe*, como su nombre indica, es un conjunto de poesías religiosas.

Todo esto es muy respetable. Filomena, Dato, Muruais, fe, religión... y el retrato de la autora con sus cabellos blancos y unos ojos llenos de inocencia que nos miran desde la portada, imponentes. Haría falta ser un monstruo para tomar este pelo y reírse de cosas tan serias.

Por eso, aunque doña Filomena nos ha mandado su libro à sabiendas, sin duda, de que se exponía à pasar bajo las horcas gedeónicas del chiste, nosotros saludamos à doña Filomena y à sus versos con mucho cumplido.

¿Que si los versos son buenos? En estos días en que vivimos «al hilo de la vida», conocidos por escepticismos fúnebres, es candoroso, y hasta si se quiere incomprendible, hacer trisagios, aunque se hagan como le ocurre à doña Filomena, con galanura, sin el menor «cuquere-llismo».

Creemos que el reino de doña Filomena no es de este mundo. Sus poesías, encantadoras, suaves, místicas y fervientes, le abrirán las puertas del cielo.

Y eso irá gana(n)do doña Filomena.

Curros Enríquez incluíuna en 1896 na súa serie «Hijos ilustres de Galicia (biografías y estudios críticos)», que publicou na Habana no xornal *La Tierra Gallega* (nº 122, 17-V-1896), pechando a serie da ducia de ilustres, entre os que hai escritores e xornalistas, profesores e benfeitores.

Curros considéraa «una de las más inmediatas sucesoras del genio lírico de Rosalía de Castro», aínda que «menos amarga que su inmortal predecesora, porque también ha vivido y sufrido menos». Mais á hora de traducir a queixa do pobo, «los dolores seculares de nuestra infortunada raza», a ourensá é «demasiado femenina», mentres que a de Rosalía «es casi siempre viril y amenazadora».

No momento da semblanza de Curros, Filomena tiña catro libros de versos publicados nos que (a semellanza das poetas Narcisca Pérez Reoyo e Emilia Calé, segundo o de Celanova) palpita «un ferviente amor a la patria y un profundo espíritu religioso». Aínda considerándoos necesarios, afirma Curros que «libros así no son hoy ciertamente los que más se leen». Di tamén que contando «con grandes condicións para escribir en castellano, la señorita Dato ha preferido siempre el gallego», afirmación que non se corresponde coa realidade da súa obra. Quizais influenciado polo seu propio caso, Curros aplícalle a Filomena esta reflexión:

No se le oculta que las alas del pensamiento encuentran invencibles obstáculos para moverse libremente en otro idioma que no sea el aprendido en la infancia, y que la frase original, inseparable de la poesía espontánea, no se revela nunca sino en la lengua de nuestros padres.

Mais, se ben isto podería aplicarse a Curros, sen dúbida mellor poeta en galego que en español, era este o caso de Filomena? Era o galego a lingua dos seus pais? No caso do pai, seguro que non. Mais podería selo na familia materna. Lembremos que o seu curmán Andrés tamén cultivou a poesía en galego.

Talento e modestia son, en definitiva, as virtudes que apunta Curros na autora ourensá.

Nun artigo en *El Álbum Ibero Americano*, do 7 de outubro de 1901, da súa directora Concepción Gimeno de Flaquer, titulado «La mujer gallega», Filomena aparece citada entre o quinteto de mulleres notables de Galicia:

En Galicia, donde no se piensa en la cultura femenina, allí, donde no se cuenta para nada con la mentalidad del sexo hermoso, sobresalen mujeres muy notables, descollando entre ellas nombres tan gloriosos como los de Concepción Arenal, Rosalía Castro de Murguía, Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova y Filomena Dato.

Na mesma revista, uns anos despois (30-XI-1909), no artigo «En defensa de la mujer», Luis de Alba saía ao paso doutro artigo de Cristóbal de Castro en *El Liberal*, onde afirmara cousas como que só catro mulleres sabían escribir para o público en España. Alba desprega unha restrá de nomes entre os que destaca a:

Filomena Dato, inspirada cantora que ha atestiguado sus facultades con la publicación de hermosos libros, y cuyas poesías religiosas, próximas à ver luz, constituyen un tesoro de inspiraciones para las almas y de gloria para la Patria.

En 1912 Sofía Casanova publicou un artigo en catalán, «De vida y d'art. Lo nostre», en *Feminal* (23-VI-1912), revista de ideas conservadoras, catalanista e claramente feminista que contribuiu á visibilidade da muller na sociedade catalá. O artigo, unha exaltación das

escritoras españolas descoñecidas fóra e ás veces dentro da Península, dedícalle unha boa parte a Filomena (traduzo do catalán):

Compatricia de Rosalía Castro, como ela boa, modesta e triste, é Filomena Dato, a laureada poetisa que merece ser tan popular fóra da «terra» como é nela.

Qué exemplaridade cristiá a da súa vida, consagrada no «pazo» dunha vila, a velar os seus sobriños orfos! Que fermosa claridade a das súas poesías místicas *Fé* acabadas de publicar «como acto de obediencia á nai morta!»

Fondo o sentimento desta muller: o lirismo que o expresa e modela ten o ton candoroso da raiola do sol a través dun cálize de azucena.

No seu outro libro *Follatos*, Filomena Dato inspírase no ambiente da súa terra e da súa raza, dando á vez a súa alma e o seu canto como pan espiritual dos labregos, dos humildes.

No seu libro *Fe*, a poetisa, doce e estática, canta os misterios da relixión; o «Amor dos amores», as felicidades do ceo entrevistadas dende as tortuosidades da existencia...

E é consolador o seu libro, tanto como o é a vida desta muller, que no seu pobo, añorando algunha cousa lonxana, para que a ledicia de cada día teña a súa melancolía, acaricia a testa da vaca con franciscana clemencia. Aquela vaca amiga que torna dos prados á tardiña, inflados os tetos brindadores «do bon leiteño» aos pobriños do pobo...

Alí están, rodeando á poetisa enloitada, e escóitase o «Angelus», e ela reza as estrofas da súa poesía á Virxe Nai, refuxio e defensa dos aflixidos.

Querería eu que ao recuncho onde está retirada Filomena Dato chegasen moitos aplausos e moitas felicitacións, non tanto por ela, que é modesta, como para saber que a poesía galega é ave acollida amorosamente nas demais rexións.



Retrato de Filomena en *Vida Gallega*, Vigo, 10-IX-1913.

Eugenio Carré Aldao na súa obra *Literatura Gallega*, «con extensos apéndices bibliográficos y una gran antología de 300 trabajos escogidos en prosa y verso de la mayor parte de los escritores regionales», publicada en Barcelona en 1911, inclúe na antoloxía o poema de Filomena «Diol-empare» e no estudo previo di sobre ela, no apartado dedicado a «Las poetisas»:

Filomena Dato Muruais, encarna como ningunha outra en la época actual el espíritu vago y soñador de nuestra Tierra. Genial poetisa así como su alma tierna y delicada de gallega, se exhibe en sus poesías castellanas, más melancólica y sentida se muestra cuando utiliza su lengua materna.

Fala Carré doutras mulleres que escribiron algunha cousa en galego: Clara e Rita Corral, Ramona de la Peña, Marcelina Soto Freire, Avelina Valladares, Sarah A. Lorenzana e María Teresa Juega. Cita logo a escritoras e poetisas, «brillante plantel de la intelectualidad femenina de Galicia»: Concepción Arenal, Narcisca Pérez Reoyo, Emilia Calé —xa falecidas

daquela– e a E. Pardo Bazán, Sofía Casanova e outras menos coñecidas, entre as entón vivas, que «poco ó nada han producido, que sepamos, en gallego, feito do que se queixaba o erudito coruñés: «De lamentar es que tan ilustres escritores y poetisas no hayan consagrado su numen á la musa gallega.»

Sen embargo, Eugenio López-Aydillo, na súa recompilación *Las mejores poesías gallegas*, publicada tres anos despois en Madrid, non incluíra a Filomena.

Na célebre *Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana* da editorial Espasa-Calpe (Madrid, tomo XVII, páx. 1066, s/d., 1913?), Filomena aparece citada nunhas breves liñas despois do seu curmán Eduardo. Máis extenso espazo ocupaba a súa amiga Sofía Casanova e mesmo o irmán desta, Vicente Casanova, nas voces correspondentes. A voz «Dato Muruais (Filomena)» di apenas o seguinte:

Biog. Poetisa española del último tercio del siglo XIX, autora de una colección de poesías titulada *Penumbas* (Madrid, 1880), que dedicó a la Reina Regente.

É dicir, que a súa identidade como autora en lingua galega non é aquí recoñecida, por máis que daquela xa tiña publicado *Follatos* (a redacción da voz dedicada ao seu curmán Eduardo Dato no mesmo tomo é de 1913). No apéndice da mesma enciclopedia (t. III, páxs. 1445-1446) publicado despois da súa morte, xa ocupa máis espazo, citando o certame literario de Pontevedra de 1884.

No momento da morte, o crego e líder agrarista ourensán Basilio Álvarez, dun catolicismo heterodoxo ben diferente ao de Filomena, escribiulle unha fermosa necrolóxica no seu diario *La Zarpa* (2-III-1926) uns días despois do enterro e aínda que este tipo de textos adoitan ser laudatorios por sistema, o de Basilio contén opinións literarias de interese, así como da cultura e personalidade da poeta:

Filomena Dato Muruais, la dulce poetisa, era el trozo más delicado de un Orense, que sin estar demasiado lejos, no es sin embargo el de hoy, un poco engreído ya, por la gallardía con que camina con sus achaques de vanguardia a cuestras. Filomena era de otra generación, acaso algo más cursi, pero más soberanamente romántica.

Fala dos seus premios que a converteron nunha figura literaria e do seu encanecemento prematuro:

Y no era vieja. El armiño acercóse a su bella cabeza a plantarle una cofia en plena juventud. [...] Desde entonces, ya Filomena era una leyenda viva, que llevaba las exquisiteces de su musa angustiada en el ánfora de una viejecita.

Destaca o crego xornalista o valor literario e intelectual da finada e pono en relación con destacadas figuras do seu tempo:

Hay que tener fibra de altísimo poeta para destacarse como lo hizo la Dato Muruais, en vida de esta gloriosa trinidad orensana: Lamas Carvajal, Curros Enríquez y García Ferreiro, y sólo siendo maestro en menesteres de literatura, se podía dialogar con decoro, como Filomena dialogó, con D. Marcelo Macías que para orgullo nuestro sigue asombrándonos con su ciencia y su arte soberanos, con aquel erudito Arturo Vázquez, a quien Orense agradeció poco su saber y su inquietud, y con doña Emilia la eximia, que irrumpía en nuestro pueblo en cuanto repicaba gordo, para que nos diésemos el gustazo de admirarla de cerca.

Basilio é un máis a falar da súa proverbial humildade e bondade:

Mujer de talento, Filomena Dato gustaba mucho de colocarse en ese segundo plano que es el motivo ornamental de la humildad. [...] Lo que quería ser Filomena era fundamentalmente buena, y eso fue.

Con respecto ao armiño que se chantou na bela testa da moza Filomena, en palabras de Basilio Álvarez, veñen a conto estes versos que aquela publicou aos trinta e nove anos en *Romances y cantares*:

No son nieve los cabellos
que en torno á mi frente están;
son la corona de espuma
que ostenta orgulloso el mar.

Á prematura canicie de Filomena tamén fai alusión Roque Pesqueira Crespo no poema que dedica en *O Tío Marcos da Portela* en 1889 «Á laudada poetisa» que «cen loureiros vai n-alba testa pousando».

A CRÍTICA POSTERIOR

O ourensán Eduardo Blanco Amor, dende a emigración arxentina, referirase á personaxe literaria da poeta:

En Filomena, se resumía el tipo diletante de dama culta y sensible, que escribía ajena al comentario público, a tono con su corazón, tan frecuente al final de los tiempos del romanticismo.

Eduardo, que a coñeceu antes de marchar á emigración, evoca as tantas veces que viu pasar polas rúas de Ourense «su figura plena de respeto y de aquella señorial hidalguía que era patrimonial en las damas gallegas de otro tiempo» (*Correo de Galicia*, 7-III-1926).

Non se andou con prosmeiradas o crítico e estudioso Carballo Calero ao axuízar a única obra galega de Filomena na súa monumental *Historia da literatura galega contemporánea* (Galaxia, 1981, 3ª ed., páx. 453). Inclúea no apartado que titula «Os diádocos», é dicir, os sucesores que se achán máis próximos no tempo aos mestres do Rexurdimento: Rosalía, Pondal e Curros. A «Defensa das mulleres» lembráballe as famosas redondillas da mexicana sor Juana Inés de la Cruz, mais no caso da ourensá «trátase dun alegado pouco poético. Non o son máis as restantes composicións, onde non achamos senón prosa versificada». O resto do libro eran pezas descritivas e pezas narrativas. O poema «A Galicia» parécelle unha «oda heroica», e os «Cantares» finais «imitantes aos do pobo». Carballo (que despois sería Carvalho) remata as aínda non vinte liñas que dedica a Filomena cunha frase demoledora: «En Filomena a sinxeleza devén trivialidade». Certamente fícanos a dúbida de se este comentario se refere unicamente aos «Cantares» ou ao conxunto do libro.

Nas antoloxías e estudos de literatura galega posteriores á súa morte, a obra e figura de Filomena vaise esvaecendo. Aínda recente a súa morte, non a ten en conta Álvaro de las Casas na súa *Antología de la lírica gallega* (Madrid, 1928). Posteriormente, non a inclúe Francisco Fernández del Riego na súa *Antología da poesía galega. Do dezanove aos*

continuadores (Edt. Galaxia, Vigo, 1976). Tampouco a menciona o ourensán Méndez Ferrín no seu tan louvado estudo *De Pondal a Novoneyra* (Ed. Xerais, Vigo, 1984), a pesar de que Filomena é cronoloxicamente posterior a Pondal. Para Anxo Tarrío en *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica* (Ed. Xerais, Vigo, 1994) non merece máis que unha cita nunha nota a rodapé entre outras mulleres escritoras que nin sequera chegaron a publicar un libro.

Jesús-Fernando Román Alonso é autor do libro *Filomena Dato: a poeta galega de entre séculos*, editado en Ourense por Duen de Bux en 2009, con fermosa portada «feminina»: unha madura Filomena sentada e rodeada de mulleres. Esta obra constitúe a maior recompilación arredor da vida (da que ben pouco se sabía e todos os que falaban dela se queixaban diso) e obra de Filomena. O autor, se ben non entra profundamente a facer crítica ou opinión persoal da obra da poeta, fai un inxente labor de documentación sobre ela e recolle tamén algunha da escasa documentación gráfica que se coñece dela e recompila toda a obra poética en galego da autora, ora a publicada en «Follatos» (45 poemas) e en revistas (15 poemas), ora a inédita (3 poemas), que fan un total de 63 composicións de diversa extensión e formato, que Román Alonso compara coas recollidas nun manuscrito elaborado pola autora que conservan familiares seus e ao que tivo acceso. Entre os tres poemas inéditos do manuscrito destaca «O Ciprianiño», extenso poema de 446 versos en catro partes, datado en Lugo en setembro de 1900. Tema que tamén tratara Curros nun poema de igual título en *Aires da miña terra*.

Habería que engadir, como menos, cinco poemas máis en galego, publicados en revistas e xornais e non recollidos en libro: «Espigas» e «Violetas» (*Barcelona cómica*, 20-VII-1895 e 10-VIII-1895, respectivamente; o segundo fora xa publicado en *Extracto de Literatura*, 5-VIII-1893), «¡Deño de moscas!» (El Regional, Lugo, 30-X-1901), «¿Que fora o mundo sin nais?» (*Coruña moderna*, 24-VI-1906), e a que leu na homenaxe no 80º aniversario de Manuel Murguía.

Como declara o propio autor, «a pretensión fundamental deste libro é a recuperación da biografía e da obra en galego dunha das grandes poetas galegas da segunda metade do século XIX e primeiro tercio do XX» e abofé que fixo un bo traballo para conseguilo.

INCURSIÓN NO TEATRO E RELACIÓN COAMÚSICA

Alén da poesía, Filomena intentou algunha incursión como autora teatral. En 1907 estreou en Ourense a obra *Transigir con Salmerón*, que non coñecemos. Da estrea daban noticia varios xornais, entre eles o coruñés *El Noroeste* (20-III-1907):

En el salón-teatro del Liceo de Orense se estrenó el domingo, con gran éxito, el juguete *Transigir con Salmerón*, original de la laureada poetisa señorita Filomena Dato Muruais. / La distinguida concurrencia, que llenaba el local, tributó a la señorita Dato vivas demostraciones de simpatía, haciéndola salir repetidas veces á escena.

O xoguete cómico debía ter que ver cun suceso de actualidade política. «Es imposible transigir con Salmerón solidarista frente a todo el partido», dicían por aqueles días na prensa portavozes do partido Unión Republicana. O líder do partido e deputado por Barcelona, apoiaba a coalición Solidaritat catalana, que en Galicia tivo o seu correlato en Solidaridad Gallega. Precisamente, nun mitin desta celebrado en Betanzos o 6 de outubro de 1907 foi Salmerón, ex-presidente da I República española, un dos oradores que interviñeron.

Polo mesmo xornal coruñés (17-IV-1907), sabemos tamén da súa colaboración co músico prusiano Federico Hoefeld, quen lle puxo música ao poema «Neve» de Filomena, incluído en *Follatos*:

La obra de concurso señalada para el certamen de masas corales que se celebrará en Orense con motivo de las fiestas del Corpus, es la melodía gallega titulada Neve, música de Federico Hoefeld y letras de Filomena Dato Muruais.

A prensa lucense informaba que o Orfeón Gallego de Lugo que fundara Xoán Montes andaba a ensaiar esta obra que era considerada como «difícil». Cando meses despois a interprete nas festas da Coruña a Juventud Artística de Tuy o mesmo xornal dirá que «tiene de gallego la letra, de Filomena Dato, pues, por lo demás es una obra alemana, cuya languidez y borrosidad la hacen pasar muy bien por *enxebre*.» (*El Noroeste*, 20-VIII-1907).

Federico Hoefeld, de orixe prusiana, acadou a nacionalidade española en 1871. Ademais de compositor e tradutor do alemán, desempeñou cargos na xestión do Patrimonio e posteriormente foi interventor de Facenda, cargo que desempeñaba en Pontevedra a finais do século XIX, onde o debeu coñecer Filomena. Unha «Balada» súa foi premiada no Certame de composición musical celebrado en Lugo en 1894 co tema «Partitura de Armónium y piano en cuyo desarrollo habrá de seguirse el pensamiento de la Balada Gallega «A campana d'Anllóns» de E. Pondal».

Non foi a única ocasión na que un poema de Filomena foi musicado. Na Escola Normal central de Mestras, de Madrid, solemnizouse en maio de 1905 o terceiro centenario do Quijote, que comezou cun «Himno a Cervantes», cantado polas alumnas da escola graduada anexa, con música de Veiga e letra de Filomena (*La Escuela Moderna*, Madrid, 10-V-1905).

O FEMINISMO DE FILOMENA

Sempre que se alude ao feminismo de Filomena, cítase o longo poema «Defensa das mulleres», premiado no certame celebrado en Ourense en 1887 en honra do Padre Feijóo, que consta de sete apartados e que ten versos como estes do sexto:

‘Os que negan â muller / intelixencia e talento, / a millor contestaceon / cicais que fose o discrecio. / ¿D’ ónde sacaron qu’ as almas / teñen com’ os corpos seuso? / Porqu’ as probes d’ as mulleres / nunca tiveron ensino / como os homes, qu’ eran tontas, / os homes tontos dixeron; / pois anqu’ algus qu’ eran sábeos / probar quixesen o mesmo, / soilo logran porbar que n’ human’ entendemento / todo é falibre e que poden / os mais grandes teren erros.

Foi a presidenta do certame de Lugo de 1900, no que non se nomeou raíña da festa, e no seu discurso deu «una nota feminista» que avogaba pola igualdade de dereitos do home e da muller. Esta reivindicativa feminista era mesmo recollida humoristicamente polo semanario satírico madrileño *Gedeón* (10-X-1900) que se metía moito co seu curmán o político conservador Dato, daquela ministro de Gobernación, a pesar de ser unha publicación conservadora, nun gracioso diálogo no que Dato non deixaba de ser fustigado pola súa omnipresencia naqueles días:

-Pero te quedan los juegos florales.
-¡Tampoco, tampoco, desgraciado de mi!

En Lugo se ha celebrado un certamen, no de barrenderos [liñas antes dicía que dalí «nos vienen todos los barrenderos á manejar diestramente la pluma por las calles de Madrid»],

sino de poetas, ¿y quien crearás tú ¡oh suerte infausta! que ha presidido ese gentil torneo de la fantasía de Lugo? ¡Doña Filomena Dato! Una señora (cuyos pies beso) que en el solemne acto de la distribución de Da-Rosa [sic] natural y demás flores del certamen, abogó por la igualdad de derechos del hombre y de la mujer. ¡Ambiciosa, no le basta con apellidarse Dato! ¿Qué más derechos ni más niños florales muertos quiere?

El Correo de Lugo (8-X-1900) publicaba na súa reseña sobre o certame a síntese do discurso —publicado ao día seguinte na primeira páxina— de Filomena, quen reivindicaba instrución para a muller a fin de que poida acadar o maior grao de cultura intelectual e reclama liberdade en todos os demais dereitos do home igual que se lle esixen deberes. Do mesmo xeito que o Código penal non fai distinción de xénero pide que non se lle considere tampouco inferior no civil, pois «No es la mujer ser que no sepa discurrir, que non pueda gobernarse, à si misma y regir à los demás».

Para o recensionista anónimo tratouse dun:

Discurso hermoso, por la galanura de frase en él empleado, por la idea difundida, propia de una mujer del talento como la que lo hizo y que à nosotros ha agradado muchísimo, nos impresionó favorablemente, aún cuando no estemos conformes, en el fondo, con todo lo en él expresado.

El Lucense, diario católico da tarde, que criticaba o atraso de hora e media en comezar e a extensión excesiva do acto, apenas se referiu ao discurso de Filomena, «con cuya doctrina permítanos no estemos conformes», coincidindo co anterior (9-X-1900).

A *Revista Gallega*, que dirixía na Coruña Galo Salinas, amosarase crítica co certame de Lugo xa antes de que tivera lugar. No número 289 do 20 de setembro de 1900, dedícalle un solto titulado «Certamen doméstico. La quincalla de Lugo»: «La ciudad del Sacramento también va à celebrar su «certamen literario» con sus premios de quincallería, manifestados por los tan socorridos «objetos de arte»... retrospectivo». Razón tiña na dignificación do traballo artístico e intelectual pedindo diplomas e publicación das obras premiadas en lugar de «quincalla» que só servía para a promoción de persoeiros que ofrecían ese tipo de premios. Chámalles a atención o prazo tan curto de vinte días, a pesar de haber temas dificultísimos e que requirían profundo estudo para desenvolverlos, e mesmo que aos dez días da convocatoria xa se presentaran traballos para aqueles temas. Sospeitan que os traballos xa están escritos e vaticinan que na redacción dalgún periódico lucense «caerán» os premios de moitos temas propostos, como así foi.

No número 291 do 14 de outubro, a revista coruñesa facía unha dura crítica do certame lucense, logo dunha descalificación xeral inicial: «Los certámenes literarios están desacreditados por el abuso que de ellos se ha hecho», entrando a continuación no caso de Lugo:

El certamen lucense ha sido una fiesta familiar sin resonancia, ni solemnidad, ni honra mayor para los vates que ciñeron sus sienes con el verde e inmortal laurel de la gloria etc. etc.

Efectivamente na redacción de *El Regional* «caeron» varios premios como vaticinaran, pois o seu director Amor Meilán levou nada menos que catro: un premio e tres accésits, «y no consiguió más, porque, seguramente no envió trabajos para los otros temas, que sino más obtiene todavía».

Botaba en falla a revista coruñesa «esa majestad que les da el nombramiento y ocupación del trono de la Reina del certamen: ha sido un espectáculo democrático por excelencia que

nada quiso de monarcas, así estas fueran reinas de la hermosura». O máis destacado do acto foi para a redacción da *Revista Gallega* o discurso de Filomena, cuestionando a súa inoportunidade, pois:

y aún hay quien opina que ciertas cuestiones sociales que afectan à la unificación de las prerrogativas de hombres y mujeres, no son propias para expuestas en un certamen en el que, los que en él toman parte, deben prescindir de las ideas sociológicas para concretarse á rendir tributo única y exclusivamente à las bellas letras.

Manuel Amor Meilán saíu a defender o discurso de Filomena en *El Regional* que dirixía (27-X-1900) e critica a postura da *Revista Gallega* e molesto polas alusións aos seus premios:

Se podrá estar conforme ó no estarlo con eso del feminismo y de la reivindicación de los derechos de la mujer. En lo que hay que estar conforme es en que estudios de esta importancia bastan para acreditar un certamen.

A *Revista Gallega* conclúe o asunto cunha notiña (nº 295, 11-XI-1900) que alude aos artigos publicados en *El Regional* por Jesús Rodríguez López, secretario do certame, e Amor Meilán:

El Sr. Rodríguez López ataca lo que en manera algunha necesita defenderse; el señor Amor Meilán defiende lo que por ningún concepto ha sido atacado; ambos procedieron, pues, sin razón. / Como en nuestra Revista no encajan las polémicas, porque tendríamos que demorar mucho las respuestas, aprovecharemos la primera ocasión que veamos à aquellos amigos para verbalmente convencerles de la sinrazón de sus atufamientos. Y no va más.

En 1914 Filomena é unha das mulleres escritoras que solicitan do ministro de Instrución Pública a modificación dos estatutos da Real Academia da Lengua Española a fin de que a institución acollera a mulleres no seu seo. Entre os centos de adhesións, as notas de prensa (*La Vanguardia*, 8-V-1914) nomeaban expresamente a Filomena Dato e outras autoras como Blanca de los Ríos e a directora e redactoras de *El Pensamiento Femenino*.

Outra muller, a escritora Sara Insúa, filla do xornalista galego Waldo A. Insúa e irmán do novelista Alberto, referíase ao feminismo da poeta pouco despois da súa morte, no artigo «Una gran poetisa», publicado en *El Diario Palentino* (8-IV-1926) e en *Vida Gallega* (10-V-1926): «una mujer que fué durante el último tercio del pasado siglo y buena parte del presente, representación viva del feminismo racional...»

Conta Sara unha interesante anécdota que a súa nai, amiga e admiradora de Filomena, escoitara dos propios beizos da poeta:

Celebrabase una velada literaria en el teatro –el de Orense– y a mi me correspondía en ella leer unos versos que había hecho con el más exquisito fervor.

Ocupabamos un palco mi madre, mi hermana, una amiga íntima y yo; tan íntima era esta amiga que, con una ingenuidad que excluía toda mala intención, me preguntó:

–Pero ¿esos versos no te los hizo tu primo Andrés?

Puede usted calcular con qué ánimos me presentaría en el escenario a recitar la composición.

E continúa a reflexión da propia Sara:



Entonces, en aquellos lejanos días, resultaba tan insólito que una mujer discurriese fuera del común sentir y expresase tiernamente los sentimientos de su alma que hasta los más allegados dudaban de su capacidad mental.

Sara Insúa solicita un recoñecemento para a poeta que viña de finar:

Si Concepción Arenal, Rosalía Castro y Emilia Pardo Bazán tienen estatuas y obeliscos en uno de los más bellos jardines de la capital de Galicia, ¿por qué no ha de tener algo parecido Filomena Dato?

E remataba ofrecéndolle a idea ao alcalde da Coruña, que entón era o avogado Manuel Casás, «culto y honorable», amigo de homenaxes e conmemoracións, quen era nomeado ese ano académico correspondente da Real Academia Galega. Mais Sara Insúa equivocábase: Rosalía non tiña –nin ningún monumento nos xardíns coruñeses, ao contrario das outras dúas mulleres. Filomena Dato, tampouco. As dúas escribían parte ou boa parte da súa obra en galego.

Dúas escritoras galegas actuais reivindicaron unha Filomena feminista: Carmen Blanco, no seu libro *Literatura galega da muller* (Ed. Xerais, Vigo, 1991) e outros ensaios, e Aurora Marco n' *As Precursoras* (Ed. La Voz de Galicia, A Coruña, 1993). Para a primeira, Filomena sitúase dentro da ideoloxía pro-feminina católica no período 1800-1939, onde encadrarían tamén Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, pensamos nós. O seu famoso poema «Defensa das mulleres», que abre *Follatos*, sería «o primeiro poema explicitamente feminista da literatura galega», sen contar creacións máis complexas e indirectas como as de Rosalía. Para a profesora Carmen Blanco

Estes versos teñen, pois, un ton reivindicativo que podemos denominar feminista xa que critican a tradicional misoxinia, que identifica ás mulleres co mal, e o androcentrismo cheo de prexuízos, tanto do pensamento filosófico como do científico. Ao mesmo tem-



Programa da homenaxe a Curros e información da revista *Nuevo Mundo*, Madrid, 3-XI-1904.



Caricatura de Filomena e Murguía no enterro de Curros, por Máximo Ramos. *El Noroeste*, A Coruña, 3-IV-1908.

po, defenden a capacidade política e intelectual do sexo feminino e sinalan os éxitos acadados grazas á sabedoría e á bondade femininas ao longo da historia, a pesar do ambiente hostil no que tiveron que florecer.

Para Aurora Marco, a poeta ourensá é «unha das figuras máis representativas do XIX e comezos do XX». Destaca como «Nos seus poemas aparecen moito as mulleres, como protagonistas, destinatarias (a Rosalia, por exemplo, dedicou-lle varios poemas) ou como «cantoras». Parécelle «especialmente significativa» a longa composición intitulada «Defensa das mulleres» que é «un poema reivindicativo da muller, à que lle concede a mesma valia que ao varón, para o cal ilustra os seus argumentos con nomes de mulleres da antiguidade, heroínas, literatas, dotadas da mesma intelixencia que os homes» Lembra tamén que «Esta faceta de

defensora da muller, abondo descoñecida, segundo creemos, puxo-a de manifesto non só através da poesía senón tamén en veladas literarias, en homenaxes, en conferencias...» como as que xa citamos.

CURROS E FILOMENA

Curros, cinco anos maior ca ela, tiña amizade con Andrés Muruais, o curmán de Filomena. Á súa prematura morte dedicoulle o poema «A Andrés Muruais muerto», poema que foi publicado na portada de *La Alborada* (A Habana, 3-III-1912), xa morto Curros. Este debeu coñecer a Filomena en Madrid ou quizais en Ourense, cando foi vivir unha tempada xa casado e con fillos.

Xa na Habana, Curros dedícalle en 1896 á poeta ourensá, como xa comentamos, a última semblanza da serie «Hijos ilustres de Galicia» no xornal *Tierra Gallega* que fundara e dirixía, na que tamén aparece outra muller escritora e amiga de Filomena: Sofía Casanova. En 1904 Curros regresou momentaneamente de Cuba e residiu en Galicia e Madrid entre os meses de maio e outubro.

Filomena agasallará ao de Celanova cun poema escrito e lido con motivo da homenaxe a este no Teatro Principal da Coruña, que «revistió todos los caracteres de una coronación, como las de Quintana y Zorrilla», segundo a prensa, na noite do 21 de outubro de 1904, cando Curros recibiu unha coroa de ouro e prata antes de embarcar para Cuba. Discursaron Alfredo Vicenti e Manuel Murguía, quen presidiu o acto, e Filomena, sentada na mesa presidencial á dereita de Murguía, leu unha «composición alusiva» ao acto que co título «A Curros Enríquez» sería publicada pola *Revista Gallega* no número do día 29 do mesmo mes e na *Galicia*, revista semanal ilustrada que se publicaba na Habana e non recollida en

libro, por tanto. Os corenta e catro versos do poema comezan así: «As arpas d'os poetas vibran ledas / en hinos que enxordecen e admiran / ¿Que cantan? ¿que celebran eses hinos? / ¿Qué feitos tan goriosos os ispiran?»

Outro poema no que canta a Curros é o que comeza «O reiseñor gallego que entona / cantigas tan fermosas que asombraron / ó mundo enteiro cando abriu o bico...», de sesenta versos hendecasilabos, publicado catro anos despois n'*A Nosa Terra* (14-4-1908), e tamén na revista do Ateneo de Madrid en 1908 nun apartado de homenaxe a Curros á morte do poeta, poema este tampouco recollido en libro. Nos dous, Filomena destaca os poemas do vate de Celanova á Virxe do Cristal en detrimento doutros que nin cita, o mesmo que fixera a Pardo Bazán ao tratar da obra de Curros.

Cando o multitudinario enterro de Curros na Coruña en 1908, o madrileño ABC do 3 de abril recollía que «Al pasar el féretro ante la Academia Gallega, la poetisa doña Filomena Dato depositó sobre él una corona». Por certo, Filomena foi unha das persoas que convenceron a Adelardo, o fillo de Curros, para que o enterro fose polo rito católico, contra a opinión dos sectores laicistas da cidade. Na velada celebrada no Teatro Principal ao día seguinte, Filomena, que tamén formaba parte da mesa presidencial, leu unha poesía escrita para a ocasión.

O 24 de maio de 1913 inaugurouse a carón da Ponte Vella de Ourense un sinxelo monumento a Curros, por iniciativa do xornalista López Aydillo e do periódico ourensán *Heraldo de Galicia*, que desapareceu anos despois e diso queixaríase Blanco Amor. En *Vida Gallega*, publicouse seis meses despois (nº 48, 30-XI-1913) unha fotografía a toda páxina que lembra este acto, na que Sofía Casanova, o crego poeta Rey Soto e Filomena flanquean o sinxelo monumento que celebraba a Curros á beira do Miño a carón doutras nove persoas, case todos xornalistas. Foi unha homenaxe peculiar con reminiscencias pagás nunha cidade que practicou o culto ás augas. No monolito figuraba a expresión: «Ex voto que los admiradores del insigne poeta Curros Enríquez, dedican a las ondinas del Miño para que velen por su inmortalidad». Queimouse incenso sobre el e léronse poemas de Curros. Ao pé do monumento, enterrouse unha acta do evento coas sinaturas dos concurrentes. Filomena –quizais para contrarrestar o paganismo da homenaxe– quixo pechar o acto rezando unha salve á Virxe dos Remedios –a súa capela estaba en fronte– pola alma de Curros (*El Regional*, 30-V-1913).

OAMIGO PÉREZ LUGÍN

Mantivo a poeta amizade con Alejandro Pérez Lugín, forxada na época en que este veraneaba en Ouces, parroquia inmediata á de Moruxo no mesmo Concello de Bergondo e foi testemuña da composición de *La casa de la Troya* que o autor lle ía lendo segundo elaboraba a novela que se publicaría en 1915, acadando un notable éxito de vendas: en 1922 ía pola 30.^a edición. Nunha casa do lugar da Lagoa, a carón da praia de Gandarío, consta unha inscrición que afirma que foi alí onde Lugín escribiu a novela, asinada «N'as Mariñas meigas (Moruxo, A Lagoa)-Madrid». O pazo da protagonista feminina, Carmiña Castro Retén, sitúao Lugín en Moruxo e Carmiña era o nome dunha das sobriñas de Filomena. Mesmo os versos finais que rematan a novela son da autoría de Filomena, que tamén pon en boca dela na entrevista xa comentada e recollida en *La corredoira y la rúa*, como resposta á pregunta de porqué non se vai a Madrid para promocionar mellor a súa obra:

Teño unha casiña branca
 n'a Mariña, entre loureiros.
 Teño paz e teño amor
 ¡Estou vivindo n'ó ceo!

Versos que temos visto en azulexo na fachada dunha casa na aldea bergondesa de Pisón e que cantou e gravou Uxía nun dos seus últimos discos.

Cando foi o xuízo pola acusación de plaxio que se lle fixo ao autor da novela, Filomena, xa maior e coa saúde debilitada e cega, acudiu a Pontevedra a declarar na Audiencia a prol do amigo Lugín, quen presentara unha querela por difamación (*El Progreso*, 23-1-1924) contra o xornalista vigués José Signo, que gañou e condenou ao demandado. O pontevedrés Prudencio Landín, na súa obra *De mi viejo carnet*, (1984: 391) refírese a este feito:

La poetisa gallega Filomena Dato Muruáis, una de las reputaciones más sólidas de nuestro país, ciega y achacosa, tuvo el civismo de venir tres veces desde Orense a Pontevedra para declarar ante la Audiencia, pero nos hemos privado del honor de recibir sus personales manifestaciones por el repetido aplazamiento de la vista.

En realidade, Filomena acudiría dende Moruxo, non dende Ourense. Landín continúa:

Filomena Dato, sublevada ante la difamación de que es objeto Lugín, escribe el 29 de octubre de 1920 en «La Voz de Galicia», de La Coruña (folio 51 del sumario) un artículo manifestando que ha visto escribir algunos bellos capítulos de la novela, que conoce y trata a diferentes personajes aludidos en ella, vecinos de las Mariñas, y termina con estas palabras: «Conste, pues, que yo pongo la mano en la cruz para afirmar que Lugín y no otro es el glorioso autor de la ya famosa obra».

Curiosamente, Filomena e Lugín morreron no mesmo ano; a primeira o 26 de febreiro e o segundo o 5 de setembro. Lugín, máis novo, tiña cincuenta e seis anos cando faleceu.

FILOMENA E SOFÍA CASANOVA

Dúas das grandes figuras femininas literarias do seu tempo, a ourensá Filomena e a coruñesa Sofía, con cinco anos de diferenza de idade a prol da ourensá, mantiveron unha relación de amizade dende a xuventude e que se mantería de por vida pese ás azarosas vicisitudes da coruñesa por Polonia, con motivo do seu matrimonio con Wincenty Lutoslawski.

É probable que xa se tivesen coñecido cando a primeira estaba madrileña de Filomena, antes de casar Sofía co intelectual e terratenente polaco, nalgunha das tertulias madrileñas que frecuentaban.

Rosario Martínez (1999: 46), biógrafa de Casanova, cita a Filomena entre as mozas que acudían ás reunións que que tiñan lugar nos salóns de familias aristócratas ou nos de escritores como Campoamor e Emilio Ferrari. Puideron coincidir en Pontevedra no verán de 1893, cando o polaco embarcou en Vigo cara EE.UU. e Sofía veraneou en Marín e na «Boa vila», ou durante os anos 1905 e 1914, en que Sofía viviu en Madrid, xa separada a parella, antes de voltar a Polonia. Tratáronse tamén durante o tempo que Sofía viviu en Mera, pequena localidade da costa coruñesa próxima a Moruxo, entre 1896 e 1898, onde escribiu o poemario *Fugaces*, editado na Coruña nese último ano na Biblioteca Gallega de Martínez Salazar:

Filomena Dato

¡Expresar con palabras
el hondo sentimiento!
Solo puedo decir
mi palabra sin voz
que lunais los lauselles
de su eterna corona
sin coronar.

Sus estrías un día
me angustiaban la gloria
y de amor el aliento
fluido madrigal...
La sangre de mis rinas
ha caído en sus manos,
y flotando, la he visto
muchas veces flotar.
Juntos hemos vivido
días en una selva
de fe, de poesía,
de radiante ilusión,

y en una tumba roja
ya enterrado con ella
cuanto mi vida tiene
a tu voz adhiere.

Man de nuestra Galia
el amor que sentimos,
con ella no morio,
que en la vida y la muerte
¡muertos ainal persisten
en inmortal union.

No es de fin este canto
ni los vuestros hermanos,
sino esto de triunfo
juramento de amor.

Solo lo que se olvida
muere para los hombres,
y el recuerdo es perenne
santa resurrection.

Sofía Casanova
Varsovia
- Abril 1926 -

Poema autógrafo de Sofía Casanova
dedicado postumamente a Filomena Dato.
Arquivo da Real Academia Galega.

En 1896 establécese en Mera -Oleiros-, nunha casa coñecida como de «Casilda»; alí estivo case dous anos. A súa permanencia en Mera aproveitouna para contactar con outras personalidades, que por aqueles anos veraneaban nas praias de Oleiros. Cómpre destacar a súa amizade con dona Emilia Pardo Bazán, á que visitaba no seu Pazo de Meirás. Tamén frecuentaba a Filomena Dato en Moruxo, ou a Fanny Garrido no Pazo de Lóngora. (edu.xunta.gal/centros/iessofiacasanova/taxonomy/term/74)

Ao crearse a Academia Galega en 1906, as dúas foron das mulleres escritoras nomeadas correspondentes da entidade. Ambas dedicáronse poemas como reflexo da súa amizade. Filomena dedicoulle a Sofía o poema «Admiración» no suplemento dominical de *Faro de Vigo* o 6 de agosto de 1882, onde esta tamén colaborou, e refírese a ela como «mi mejor amiga». Filomena tiña 26 anos e Sofía ía cumprir 21. En *Follatos* dedícalle tamén o poema «A un pensamento». Ademais, no *Boletín de la Unión Hispanoamericana Pro-Valle Miñor*, nunha data que non puidemos determinar, apareceu o poema «Sofía Casanova» da autoría de Filomena.

En 1885 Sofía publica o seu primeiro libro *Poesías*, no que dedica varios poemas ás súas amigas, entre elas «A la notable poetisa gallega Filomena Dato Muruais». No que publica na Coruña en 1898, *Fugaces*, tamén lle dedica outro. Anos despois, nunha conferencia que Sofía dá no Ateneo de Madrid o 9 de abril de 1910 sobre «La mujer española en el extranjero», cita a Filomena entre as mulleres destacadas da época. Ademais na revista *Feminal* de Barcelona (23-VI-1912) Sofía Casanova publicou un artigo (en catalán, supoñemos que traducido) facendo un panexírico da súa amiga Filomena, cousa que xa comentamos.

Na revista de Labarta *Extracto de Literatura*, Filomena fixo, excepcionalmente como xa vimos, a glosa poética de Sofía, que a ourensá asina en Santiago o 23 de setembro de 1893:

Sobre su rubia cabeza / batió sus alas el Génio / y
en su frente nacarada / posó sus labios de fuego: /
arde el sol en sus pupilas / y en sus magníficos

versos / se vé un corazón tan grande / cuanto es rico su talento, / que á la par de los aplausos / arrebatou los afectos. / Aunque la llevó el destino, / por nuestra desgracia, léjos, / rindiendo culto á la pátria, / vive aquí su pensamento.

Cando Sofía soubo en Varsovia da morte de Filomena a través da revista *Vida Gallega*, que publicou a foto do enterro, escribiu a *La Voz de Galicia* unha carta en que lembra á finada, publicada o 8 de abril de 1926. Para a velada póstuma que lle dedicou a Reunión de Artesanos, Sofía enviaría un poema dedicado á amiga. Curiosamente as dúas morrerían cegas, ou case.

FILOMENA E ROSALÍA

Poucas similitudes apreciamos, no fondo e na forma, entre a obra de Rosalía e a de Filomena. Mais o certo é que, xa dende moi nova, o nome de Filomena comezou a ser citado na prensa a carón do de Rosalía. Era unha das escasas mulleres que escribía en galego e ademais foi a primeira, logo da autora de *Cantares Gallegos e Follas Novas*, en publicar un libro na nosa lingua. Mesmo o título, *Follatos*, lembraba dalgún xeito ao de Rosalía.

Se xa entre nós, en 1889, catro anos despois da morte de Rosalía, o mozo xornalista Adolfo Vázquez Gómez chámaballe «la nueva Rosalía Castro»; fóra de Galicia, o semanario *Barcelona Cómica*, que incluía a Filomena na sección «Mujeres ilustres» do seu número do 20 de xullo de 1895, dedicoulle unha páxina e outra ao seu poema (en galego! nunha publicación catalá) «Violetas», ilustrado por un cadro de Fernanda Francés, e relacionaba deste xeito a unha coa outra: «A la poetisa orensana puede considerársela como heredera directa de la inmortal Rosalía Castro.»

A propia Filomena debeu asumir eses comentarios repetidos e, xa na madurez, quixo reeditar a ofrenda que no seu día fixera Curros na tumba de Rosalía en Bonaval. Chegou a editar unha postal cunha fotografía súa ofrendando flores diante da tumba de Rosalía (como tamén fixera Curros na súa viaxe de 1904) e no reverso o poema «A Rosalía», datado en Santiago o 2 de abril de 1913, que comeza deste xeito:


Xenio subprime, mulleriña santa,
Que co´a lira d´os ángeles cantache:
Non veñ´a profanar a tua coba:
Non te veñ´a cantar... veñ´a rezarche.

E remata con escaso gosto pedíndolle ás fillas e ao viúvo por boca de Rosalía dende o ceo:

¡Que vayan logo, porqu´alí os agardas!
¡Que vayan logo! ¡Que por Dios, non tarden!

O semanario betanceiro *Nueva Era* (13-IV-1913) dedicoulle a páxina completa da portada e aínda parte doutras á homenaxe, reproducindo o poema «A Rosalía» en lugar central. Baixo o título «¡Rosalía y Filomena!» falaba con notorio apoucamento da reunión en San Domingos de Bonaval de «dos glorias de la poesía gallega», «una inerte, fría, rígida y en esqueleto, bajo la mármorea lápida de su venerado sepulcro; y la otra palpitante, solemne, expresiva y dueñas de sus energías vitales, animada por el santo fervor a la divinidad y conmovida por el respeto a la muerta y por el cariño a la querida compañera...»

Reproduce tamén a crónica do acto do colega compostelán *Gaceta de Galicia*, dándolle conta dos asistentes, entre os que están presentes os promotores do comité da estatua a



Postal de homenaxe a Rosalía con foto da ofrenda na súa tumba e poema de Filomena. 1913. Arquivo da Real Academia Galega.

Rosalía que se colocará na Alameda de Santiago en 1917. Nin Murguía nin as fillas aparecen citadas como presentes no acto.

O 1 de setembro de 1916 a coruñesa Reunión de Artesanos organizou a «Fiesta de la Poesía Gallega» dedicada a Rosalía Castro no teatro do seu nome, anunciada e glosada de forma destacada na prensa local e nalgunha doutras localidades galegas. *La Voz de Galicia* calificouna de «solemne acto regional». A festa presidiuna como mantedor desta o político tradicionalista Juan Vázquez de Mella. Formaban parte da presidencia do acto o alcalde e presidente da sociedade organizadora Manuel Casás, o viúvo de Rosalía Manuel Murguía, o ex-ministro o Marqués de Figueroa e varios escritores como Francisca Herrera, Rey Soto, Alejandro Barreiro (quen leu o texto que escribiu Murguía para a ocasión), Juan Barcia Caballero, Lisardo Barreiro, Martínez Morás representando á sociedade organizadora e Filomena Dato. Esta leu o poema en galego titulado «Salve», que debeu ser escrito para o acto:

¡Salve, muller groriosa, que deixaches
un regueiro de lus n'as tuas cántigas,
croa de pedras finas qu'arrodea
a testa veneranda de Galicia! [...]

Nese mes de setembro a Irmandade dos Amigos da Fala, que se viña de fundar o 17 de maio, acorda publicar na Coruña un órgano xornalístico titulado *A Nosa Terra* e redactado

enteiramente en galego. O seu primeiro número sairá o 14 de novembro, máis de dous meses despois desta festa que *La Voz de Galicia* cualificara de «solemne acto regional». Con todo, a lembranza dela mereceralles aos redactores un «Cadro Mouro», en oposición a un «Cadro Branco» louvador de feitos, neste caso crítico:

N' unha festa rexionalista (!) en honre a Rosalía Castro que tivo feitura no Teatro da Cruña, soyo falaron en gallego, y-en renglós curtos, algús enxebres das nosas letras. Os máis todos expresáronse no castelao. [...]

Criticaba especialmente o boletín irmandiño ao crego poeta Rey Soto, sen nomealo directamente, que leu o seu poema en español «Voz de Castilla (De D. Quijote à Rosalía)». A un dos momentos do discurso de Mella, extractado polo compostelán *El Correo de Galicia* (2-IX-1916), pertence este parágrafo:

Es preciso que de todo esto surja algo: no un movimiento político, sino un movimiento social que sacuda las almas, lo que vale mucho más; que haya entre todos vosotros una unidad que impere y reine y que pueda servir de base para la regeneración del pueblo gallego.

Ese movemento –ben diferente do que desexaría Mella– estaba precisamente, segundo a nosa opinión, a xurdir nese momento: as Irmandades da Fala. Mais Filomena manteríase completamente allea a el, ao igual que Murguía.

Rosalía é o tema de catro poemas de Filomena: «Non morreu», «A Rosalía de Castro», ambos os dous recollidos en *Follatos*, «!Salve!», e o citado «A Rosalía» incluído na postal. A memoriade Rosalía preocupáballe a Filomena:

Non, non puido morrer xenio tan grande
Nin apagars'os ecos de tal lira:
Mentres haxa un gallego sobre a terra
Morrer non pode a insine Rosalía.

OREPOUSO DE MORUXO

Falamos xa como a súa irmá Aurelia casara cun membro da familia propietaria do pazo de Moruxo, parroquia do Concello de Bergondo (e non de Sada, como sistematicamente se repetiu na prensa e en diferentes traballos, copiando o erro uns de outros), Julio César Patiño Pita da Veiga, avogado e secretario do Goberno civil de Salamanca, que faleceu en Madrid, xa viúvo, o 30 de xaneiro de 1904. Aurelia falecera o ano anterior na capital salmantina. O diario coruñés *El Noroeste* daba a mala nova da súa morte o 31-V-1903. Julio César Patiño desempeñou a secretaría do goberno civil de varias provincias galegas e españolas (Ourense, Almería, Ávila, Albacete, Lugo e Salamanca). Na súa estadía ourensá, onde foi destinado en 1881, coñecería á que sería súa esposa. En Ourense tamén desempeñou un tempo o cargo de xefe da sección de Fomento, o mesmo que faría en Oviedo. O matrimonio tivo varios fillos: María, Carmiña, Julio César, José e Francisco, cando menos.

Carlos Martínez Barbeito na súa monumental obra *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña* (1978), ao falar desta «gran casona de planta en escuadra, paramentos enfoscados y que carece de piedra de armas, aunque no de cierto empaque señorial» di que «hoy pertenece el pazo de Moruxo al Abogado de Betanzos don Valentín Gómez-Iglesias, cuya familia lo adquirió de los Patiño y Dato», e afirma que:



Casa dos Patiño Dato en Moruxo no libro de C. Martínez Barbeito *Torres, Pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. 1978.

La casa de Moruxo al ser transmitida, y abolidos ya los vínculos y mayorazgos, fue legada por don Gabriel Pita da Veiga a su hija doña Rosa Pita da Veiga y Lamas. / Casó doña Rosa con don José Patiño y tuvo de él a don José Patiño y Pita da Veiga. / Este señor se unió en matrimonio a doña Maravillas Dato Muruais, hermana de la poetisa Filomena Dato quien por esta razón pasó sus últimos años y falleció en esta casa de Moruxo.

Mais este dato (repetido por algúns) non é certo, pois Maravillas morreu solteira e convivía en Moruxo coas súas sobriñas e coa súa irmá. Na necrolóxica de *El Correo de Galicia*, órgano da colectividade galega na Arxentina, do 21 de maio de 1922, trátana de señorita:

En su casa de Morujo (Bergondo), falleció la bondadosa señorita Maravillas Dato Muruais, hermana de la inspirada poetisa doña Filomena Dato, que ha enriquecido el Parnaso gallego con bellas producciones elogiadas y aplaudidas con justicia.

Este fallecimiento será sentidísimo en toda Galicia, y especialmente en La Coruña y en Orense, provincias en las cuales pasaba alternativamente la finada largas temporadas.

Quen si que casara cun membro da familia Patiño fora, como deixamos dito, a súa irmá Aurelia, quen matrimoniou con Julio César (que non José) Patiño e Pita da Veiga. Este representa a Aurelia nun pleito de menor contía en 1891 sostido por un veciño contra outras veciñas ausentes:

y contra doña Juana Muruais, viuda, por si y en representación de su hijo menor don Juan Dato Muruais; y contra doña Maravillas, doña Filomena y don Julio César Patiño como marido de doña Aurelia Dato Muruais, todos propietarios y vecinos de esta población, y don José Dato Muruais, militar con residencia en la Coruña. (*Boletín Oficial de la Provincia de Orense*, 9 de abril de 1891).

No coñecido como «pazo do Curro» (hoxe cambiado polos novos propietarios que engadiron unha torre e escudo), veciño do pazo dos Leis Gil-Taboada, camiño veciñal por medio, pasaría dende entón Filomena, ás veces acompañada doutros irmáns, moitos veráns e os últimos anos da súa vida coas súas sobriñas, contemplando (antes da súa cegueira) a ría de Betanzos dende as súas xanelas, da que só lle chegaría o arrecendo salobre despois de perder a vista, falecería alí, sendo enterrada no cemiterio parroquial. Con ela conviviron tamén a irmá Maravillas, que faleceu catro anos antes que Filomena, e o toliño Juan, que é evocado na crónica-entrevista de Pérez Lugín.

As Mariñas marcaron fundamente a Filomena. No poema «A Galicia», recollido en *Follatos* na afastada data de 1891, canta a beleza desta bisbarra onde viviu e morreu:

Ledas Mariñas, onde seica estivo / o pradiño qu'Adan
perdeu pecando: /¿Quén vos viu unha vez que non sospire
/ vosas doces bellezas relebrando? [...] ¡Mariñas feiti-
ceiras! / ¡Qué doce debe ser o eterno sono / durmindo n-
esas prácedas ribeiras!.

E no titulado «Morriña», do mesmo libro, a voz poética sente melancolía e morre de soedás – tal Rosalía– «n' o pardo chan de Castilla»:

¡Que lonx' estou! Non respiro / a leda bris d'as Mariñas
/ nin vex' ante verdes souts / douradas olas d'espigas. /
Non vex' aquil crar' espello / onde, meu amor, te miras.

Os poemas «Defensa d'as mulleres», «Morriña», «A moda» e «Eldefreda», todos eles incluídos en *Follatos*, xa están datados en Moruxo en 1887, pouco despois da voda da súa irmá. E xa sinalamos como en agosto de 1889 databa alí tamén o seu poema «La trenza rubia», indicativo de que xa nesa época frecuentaba a casona dos Patiño Dato, á que sen dúbida se refire o xa citado poema incluído por Pérez Lugín en *La casa de la Troya*: Teño unha casiña branca / n' a Mariña, entre loureiros. / Teño paz e teño amor / ¡Estou vivindo n' o ceo!

En Moruxo Filomena atendeu tamén a facenda familiar. Na casa criaban gando de calidade, que presentaban a concurso, como o que tivo lugar na Coruña en agosto de 1905:

Una pareja de vacas, propiedad de los señores Patiño Dato, de Morujo, que como ya hemos dicho se halla hace días en una finca inmediata a la Granja, está llamando extraordinariamente la atención. Es una verdadera preciosidad. (*El Noroeste*, 24-VIII-1905)

Aínda que noutra información días despois citan á propia Filomena como propietaria, obtendo premios: «Premio de honor, 200 pesetas del Ayuntamiento de la Coruña á una



Filomena sentada nun grupo.
Tomada da portada do libro de
Román Alonso (2009)



Un dos últimos retratos de Filomena.
Revista Núñez, 1926.
 Arquivo Municipal de Betanzos

vaca Swyzz de doña Filomena Dato Muruais» [...] A doña Filomena Dato, diploma de honor por outra becerra de la misma casta». Ademais doutro premio de 50 pesetas por unha becerra (*El Noroeste*, 29-VIII-1905).

Non debe estrañar esta actividade da poeta, pois outros persoeiros como o Marqués de Loureda ou Luciano Marchesi e os Bermúdez de Castro, que tamén foron premiados no certame citado, criaban gando nas súas propiedades rurais.

Ao ano seguinte volveu presentarse ao concurso de gando celebrado en Betanzos:

También presentó un buen lote de ganado doña Filomena Dato, compuesto de dos vacas, seis terneras y cuatro terneras de diferentes razas. (*El Noroeste*, 17-VII-1906).

E tamén nesa ocasión recibiu diplomas de honra polo becerro de raza estranxeira «Riverte» e a vaca «Chata».

A MORTE E O ENTERRO DE FILOMENA

Morreu Filomena o 26 de febreiro de 1926 aos sesenta e nove anos. Unha idade que non parece hoxe tan «avanzada» como repetiron moitos que trataron a súa figura. Ficara cega (como Lamas Carvajal e como Sofía Casanova) nos últimos anos. De feito, na partida de defunción consta «coma diabético» como causa da morte. Poucos días antes (*El Correo Gallego*, 12-II-1926) trasladábanlle de Ourense para a Coruña unha pensión de 1.100 pesetas que cobraba.

Ao enterro matinal, ás dez da mañá do día seguinte, asistiron persoeiros coruñeses como o alcalde Manuel Casás, o secretario do Concello, o presidente da Academia Galega Eladio Rodríguez e algúns académicos, representantes da prensa e entidades culturais e recreativas, tal Estrada Catoyra, presidente da Reunión de Artesanos, entidade da que a finada era membro honorario e que pendurou de loito os balcóns do seu local social.

Na necrolóxica de *La Voz de Galicia*, sen asinar, destacan as súas obras *Penumbbras e Fe*, mentres que –curiosamente– se silencia *Follatos*, a única escrita en galego.

Case toda a prensa galega se fixo eco da súa morte e do enterro. Tamén a prensa da emigración, semanas despois. *El Heraldo Gallego*, de Buenos Aires, publicou unha crónica do enterro, que «fué una nota de profundo dolor»:

En una mañana soleada y brillante el cuerpo inerte de la dulce cantora de la Mariña y Montaña recorrió por última vez las corredoiras campesinas, visitó la humilde iglesia rural y fue a descansar para siempre en un rincón de la modesta necrópolis, dorada por el sol matutino.

«Para siempre», di o anónimo cronista, mais nos anos cincuenta o cemiterio foi remodelado e hoxe non fica rastro da súa sepultura. Os seus restos traladáronse quizais a outro lugar.

Ademais das autoridades e persoeiros vindos da Coruña e outros lugares, acudiron un gran número de veciños do lugar. O alcalde coruñés Casás pronunciou unhas frases de lembranza e admiración.

Do enterro ficou un documento gráfico: unha fotografía realizada polo betanceiro Antonio Núñez e que publicou na *Revista Núñez* do ano corrente 1926 que editaba esta familia de comerciantes e banqueiros e na que tamén se acompañaba dun artigo de Antón Villar Ponte reclamando que «Sus restos requieren el debido mausoleo». Saíu publicada tamén na revista *Vida Gallega* (nº 298, 10-III-1926), que lle deu máis repercusión. Así foi como, lendo esta revista, se enterou en Varsovia Sofía Casanova da morte da súa amiga Filomena. Dende a capital polaca enviaría unha carta a *La Voz de Galicia* (publicada o 8 de abril de 1926) para asociarse no loito e nos actos en lembranza «de mi amiga del alma», «la mujer santiña, y de la inspirada cantora.»

Na crónica que escribiu Antón Villar Ponte para o habaneiro *Diario de la Marina* (6-V-1926) lembrando o velorio e o enterro da «pobre Filomena» di: «A esta la vimos rígida, pálida, fría, envuelta en blanco cendal, rodeada de flores en un féretro severo. Era una muerta que no imponía». Isto e as galas da precoz primavera mariñá cando deixaron no camposanto aldeán e humilde o corpo da escritora, fanlle dicir ao cronista algo que semella case sacrílego: «nos pareció alegre la propia muerte».

A *Nosa Terra*, Idearium das Irmandades da Fala, facíase eco no seu número do 1º de marzo, da perda da «inspirada poetisa en cuia alma aniñou na época presente todo o sentimentalismo da nosa raza», e dedicáballe unhas «liñas de loito».

Na citada betanceira *Revista Núñez* de 1926, Antón Villar Ponte evocaba de novo o enterro de Filomena, en texto complementado de retrato e fotografía do enterro, e afirmaba que «Desde entonces el cementerio de Morujo no es un cementerio vulgar», considerando que «Ninguna poetisa gallega pudo lograr una fosa más en consonancia con su espiritualidad». Mais a continuación, o fundador das Irmandades da Fala, contradicíase: «Pero los restos de la insigne poetisa no pueden perderse en la humildad igualatoria de las fosas vulgares y anónimas». E reclamaba para ela un mausoleo, unha «sepultura idónea», para honrar a súa memoria, ao secundar a idea que xa xurdira entre «algunos buenos gallegos», pois «Pecaríamos de ingratos con la dulce Filomena si dejásemos perder sus restos mortales en la fosa anónima de un cementerio aldeano.»

Quizais sen sospeitalo realmente, estas verbas últimas de Villar Ponte foron unha especie de premonición. Hoxe –como xa comentamos– non fica rastro da sepultura da escritora no ampliado e transformado cemiterio de Moruxo, que xa non é tan «poético». Tampouco atopamos a de súa irmá nin ningunha da familia Patiño.

VELADA HOMENAXE

A Reunión de Artesanos da Coruña, da que Filomena era socia de honra, celebraríase unha velada en homenaxe póstuma á escritora o día 1º de maio na que «la concurrencia fué numerosa y distinguida, figurando en ella muchas señoras y señoritas». Interviñeron as persoas que ocupaban a presidencia do acto: a profesora María Barbeito, o escritor e xornalista Antón Villar Ponte, o cronista da Coruña Carré Aldao, o poeta Eladio Rodríguez e o presidente da entidade organizadora Estrada Catoyra (*La Voz de Galicia*, 2-V-1926).

A súa amiga Sofía Casanova enviou un poema dende Varsovia que foi lido, ao igual que os doutros poetas gallegos: Augusto Casas, López Abente e Xavier Prado «Lameiro».


O presidente da entidade, Félix Estrada Catoyra, lembrou na lectura do seu traballo que nas homenaxes tributadas pola vedraia entidade coruñesa a Murguía, Rosalía e Curros participara Filomena en todas elas. Agora era ela a homenaxeada. Leu tamén un texto («Uno menos ¡y somos ya tan pocos!») enviado por Xoán Barcia Caballero, que morrería uns meses despois.

Estrada Catoyra, anunciou que a sociedade colocaría unha lápida no cemiterio de Moruxo. Non sabemos se o chegou a facer, dada a reforma que sufriu o cemiterio que mesmo fixo que desaparecese a sepultura de Filomena. Na mesma velada citada propónse a compra de exemplares de *Fé* para repartir por bibliotecas, libro sobre o que se estendeu Estrada na súa intervención. Debía ficar un fondo da edición de quince anos antes, pois aínda dous anos despois a Comisión provincial de Pontevedra acorda mercar 50 exemplares do libro (*El Progreso*, 22-IV-1928).

Rematou a súa intervención o presidente do Circo de Artesáns lendo o poema «Xa non son», un dos derradeiros de Filomena, que fora reproducido polo xornal coruñés *La Voz de Galicia* coa noticia do enterro, xunto con outra composición en castelán («Un ángel»), «producción de sus últimos tiempos, cuando la ilustre dama presentía ya, ciega y achacosa, un próximo fin». Rescatamos a composición en galego, que non está recollida en libro (si no estudo citado de Román Alonso) con tema xustificicado para rematar este traballo:

Xa non son

¿Para qué pedides versos, s' están rotas
as cordas de cristal da miña lira?
Eu era n' outros tempos unha ave
que pasaba cantando pola vida;
agora son tan soilo un alma en pena
que d' un eterno loito vai vestida,
buscando un leito en que pousar para sempre
esta corga que tanto me fatiga.
Vou arrastrand' os pés de car' a cova
cravando n' eles ao pisar, espiñas...
Non lle pidas cancións ó paxariño
que antr' espiños e toxos agoniza!
Deixádeme morrer no meu curruncho.
Téndelle compasión a esta velliña!



Filomena Dato Hurnais



FILOMENA DATO MURUAIS

Sus restos requieren el debido mausoleo

Un grupo de cerebros, en el que figuraban el abate don, el presidente de la Real Academia Gallega, el presidente de la «Asociación de Artistas» y varios literatos y periodistas de la ciudad lucense y de Betanzos, acordó a la bella aldea de Morujo una espléndida mañana del último mes de Febrero con objeto de sacar un duelo al de la rizada comarca de Sada y al de Galicia entera, acompañando hasta al cementerio los restos mortales de la insigne poetisa Filomena Dato Muruais.

Y en el cementerio—un cementerio campesino, chiquito y alegre,—dejamos enterrado el cadáver de la venerable cantora de «Pisa». Sobre el mo-desto fíretro que encerraba el cuerpo rígido y frío de la dulce Filomena, arrojamos con piadosa unción flores silvestres y puñados de tierra marítima, antes que los sepultureros ruidosos cubren la fosa en que yacía.

Desde entonces el cementerio de Morujo no es un cementerio vulgar. Adquirió prestantia relevante. Mereció el honor de que su osario se adscriba al capítulo de toda guía monumental de Galicia que en lo futuro se haga, evocando los campos santos de nuestra tierra donde reposan los restos de gallegos excelentes.

Dormir el último sueño, ese sueño sin sucesos que se llama eternidad, en el lugar en que le ha cabido la suerte de dormirle a Filomena Dato, es algo realmente envidiable para quien, como ella, tan amante de la luz—hasta su nombre parecía indicarlo—y tan diestra del campo de Galicia, fué mientras tuvo existencia mortal.

El cementerio de Morujo está emplazado en un hermoso alborazo, al que se llega por «convulsoras» «ascantadizas», codo una iglesia modesta, dominando toda la paradisíaca maraña de la rizada comarca de Sada. Es un cementerio minúsculo. Una insignificante parcela de terreno, con la tierra desmenuada por las separadas y recubiertas de vegetación frías, cuya fertilidad proviene en parte de la misma muerte, madre de nuevas vidas... Allí la dulce Filomena, ya naciana y con los ojos de la cruz mirando hacia arriba que la Párida cortase los latidos de su enorme corazón para siempre, fué llevada entre las presas de la

iglesia y las lágrimas de muchos aldeanos nobles y sufridos, con objeto de recibir el último tributo a la tierra. No pudo tener mejor sepelio ninguna poetisa gallega. Ninguna poetisa gallega pudo lograr una fosa más en consonancia con su espiritualidad. El acompañamiento de Morujo era el más adecuado para una mujer de la índole de la sencilla y cordial Filomena.

Pero los restos de la insigne poetisa no pueden perderse en la humedad igualitaria de las fosas vulgares y anónimas. Que muy bien el cantar:

*Para la fosa en el osario
tiene su importancia,
una dove para meter
y otra para hacer cabido.*

Y si esto lo acordase a la vida, acordábase también a los mortales que dan con sus huesos en el cementerio. Aun después de la vida corporal, no todos los restos humanos son dignos de los mismos honores. Unos se pierden en el olvido porque el espíritu que los ha animado en vida careció de alas para elevarse, y otros, en cambio, se hacen acreedores a la perpetuación del nombre en lápidas y mausoleos avocados del buen recuerdo que dejaron en el mundo a beneficio de la posteridad. A los últimos pertenece Filomena Dato, y por lo mismo ya cuando entre algunos honros gallegos la idea de honrar su memoria originó una espléndida idea en el poético campamento de Morujo. Esta idea es tan justa como plausible y patriótica. No debe abandonarse, por lo tanto. Y con de la tierra gallega habrá quien labore generosa y entusiásticamente para llevarla a la práctica. Pecaríamos de ingratos con la dulce Filomena si dejásemos perder sus restos mortales en la fosa anónima de un cementerio aldeano. ¡Ella que quiso tanto a Galicia! ¡Ella que nació a Galicia con fervores franciscanos! No olvidéis, lectores, no olvidéis nadie que solo son grandes los pueblos que saben honrar a sí mismos, honrando en forma debida a sus mejores ilustres y representativas. Y Filomena fué un breve honra, una bella flor de nuestro renacimiento literario que tuvo a la divina Hoesifa por cabeza. Una excelsa Precursora, es una palabra.

A. VILLAR PONTE.



Momento de dar sepultura al cadáver de Filomena Dato.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO, CARMEN (1991): *Literatura galega da muller*, Ed. Xerais, Vigo.
- CARBALLO CALERO, RICARDO (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Galaxia, Vigo, 3ª ed., páx. 453.
- CARRÉ ALDAO, EUGENIO (1911): *Literatura Gallega*, Barcelona.
- CASAS, ÁLVARO DE LAS (1928): *Antoloxía de la lírica gallega*, Madrid.
- ESTRADA CATOYRA, FÉLIX (1930): *Contribución a la historia de La Coruña. La Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos en sus ochenta y tres años de vida y actuación*. Tip. El Ideal Gallego, A Coruña. En 1986 a entidade fixo unha edición facsímil.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (1976): *Antoloxía da poesía galega. Do dezanove aos continuadores*, Edt. Galaxia, Vigo.
- LANDÍN, PRUDENCIO (1984): *De mi viejo carnet*. Deputación Provincial de Pontevedra.
- LÓPEZ AYDILLO, EUGENIO (1914): *Las mejores poesías gallegas*, Madrid.
- MARCO, AURORA (1993): *As Precursoras*. Ed. La Voz de Galicia, A Coruña, 1993.
- MARTÍNEZ BARBEITO, CARLOS (1978): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. Deputación Provincial da Coruña.
- MARTÍNEZ MARTÍNEZ, ROSARIO (1999): *Sofía Casanova. Mito y literatura*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Ed. Xerais, Vigo.
- MURUAIS, JESÚS (1884): *Semblanzas galicianas*. A Coruña. Dixitalizada en <https://academia.gal/monografias/paxinas.do?id=170>
- PÉREZ LUGÍN, ALEJANDRO (1985): *La casa de la Troya*. 99ª edición, Santiago.
- PÉREZ LUGÍN, ALEJANDRO (1923): *La corredoira y la rúa*. Madrid. 2ª ed.
- ROMÁN ALONSO, JESÚS-FERNANDO (2009): *Filomena Dato: A poeta galega de entre séculos*. Duen de Bux, Ourense.
- SERRANO ALONSO, JAVIER (2010): *Lucus Fulget. As festas literarias nos sanfroiláns finiseculares (1899-1901)*, Concello de Lugo, colección San Froilán dos devanceiros, nº 7, Lugo.
- TARRÍO, ANXO (1994): *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*. Ed. Xerais, Vigo.
- VALCÁRCEL, MARCOS (1987): *A prensa en Ourense e a súa provincia*. Deputación Provincial de Ourense, Ourense.
- As nosas voces, 20. Arquivo sonoro de Galicia*. Consello de cultura galega, Santiago, 2004, en <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=183>
- Biblioteca Digital Hispánica: *Penumbbras e Romances y cantares*. galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es: *Penumbbras e Fé*.
<https://academia.gal/biblioteca-virtual>: *Penumbbras e Letanía lauretana*.
- Biblioteca Virtual Galega: *Follatos*.

HEMEROTECA:

- www.bne.es/es/Catalogos/BibliotecaDigitalHispanica
Anuario Militar de España, (anos 1921 e 1931) .
Barcelona cómica, 20-VII-1895 e 10-VIII-1895.
La Correspondencia de España do 10 de abril.
Diario de la Marina. La Habana.
Gaceta de Instrucción Pública y Bellas Artes, Madrid.
Gedeón, Madrid, 10-X-1900 e 10-XII-1911.
Gente Vieja, Madrid, 10-XII-1905.
La Justicia, Madrid, 16-XII-1895.
El Pensamiento Español, Madrid, 8-9-1865.
- www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es
Álbum Literario. Ourense, 1888-1893.
Boletín Oficial de la Provincia de Orense, 9 de abril de 1891.
As Burgas, Ourense, 1894-1895.

- El Compostelano*, Santiago, 15-1-1923.
Correo de Galicia, Buenos Aires, 21 de maio de 1922; 7-III-1926
El Correo de Lugo, 8-X-1900.
El Correo Gallego, Ferrol, 14-VIII-1888).
La Correspondencia Gallega, Pontevedra, 29-IX-1897.
El Diario de Pontevedra, 27-2-1926.
El Diario de Santiago, 21-9-1877.
Eco de Galicia, Lugo, 14-IX-1887.
El Eco de Santiago, 6-V-1897.
Gaceta de Galicia, Santiago, 25-VIII-1890.
Galicia recreativa, Pontevedra.
El Heraldo Gallego, Ourense, 1874-1880.
Heraldo Gallego, de Buenos Aires.
Ilustración Gallega (10-V-1913). Vigo.
El Lucense, Lugo 1886-1901.
A Monteira, Lugo, 1889-1890.
O Novo Galiciano, Pontevedra, 1888-1889.
La Patria Gallega, Santiago.
El Pueblo Gallego, Pontevedra, (5-XII-1954).
El Progreso, Pontevedra, (23-1-1924).
El Regional, Lugo, 10-IV-1892.
La revista popular, Pontevedra, 1892-1904.
Vida Gallega, Vigo, 30-XI-1913.
La Zarpa, Ourense, 27-VI-1929.
- <http://prensahistorica.mcu.es>
El Orzán, A Coruña, 17-VI-1925
La Campana Gorda, Toledo, 12 de abril de 1899.
Coruña moderna, 24-VI-1906.
El Diario Palentino, 8-IV-1926.
La Ilustración Gallega y Asturiana, Madrid, 8-V-1880.
El Noroeste, A Coruña, 24-II-1903.
- hemeroteca.abc.es/
ABC, Madrid, 3 de abril de 1908
- hemeroteca.betanzos.net/
La Aspiración, Betanzos, 28-IV-1912.
Nueva Era, Betanzos, 6-V-1913.
Revista Núñez. Betanzos, 1926.
Las Riberas del Mendo, Betanzos, 19-II-1889.
- <http://www.lavanguardia.com/hemeroteca>
La Vanguardia, 8-V-1914; 2-VI-1918; 25-VII-1933.
- <https://www.bnc.cat/digital/arca/titols/feminal.html>
Feminal. Barcelona. 23-VI-1912.
- <https://academia.gal/hemeroteca-virtual>
Extracto de literatura, semanario dosimétrico ilustrado, Pontevedra.
Revista Gallega, A Coruña, 1895-1907.
- <http://www.cirp.es/w3/publicacions/pub-0252.html>
Galicia, revista semanal ilustrada, A Habana.
La Tierra Gallega, A Habana, 1894-1896.
- Biblioteca de Estudios Locales. A Coruña:** Colección de *La Voz de Galicia*.
Biblioteca Municipal de Betanzos:
O Tío Marcos da Portela (1876-1889) e *O Tío Marcos da Portela* (1918). Edicións facsímiles.
A Nosa Terra, A Coruña, 14-IV-1908. Edición facsímile. Edman ediciones.

NOTA: Este traballo é unha ampliación da monografía publicada baixo o título *Filomena Dato Muruais. A poeta das Mariñas* en Cadernos de Estudos Xerais, nº 12, Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo. Sada, maio 2018.



Retrato de Filomena Dato por Jesús Corredoira,
datado en Madrid MCMX,
que conserva a súa sobriña bisneta
Concepción Lorenzo Patiño.